



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 223
5 de decembro de 2017

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

I 20984 (10/POC-003386)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 8 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario referido á realización dun estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, respecto da posibilidade de reversión ao patrimonio público da titularidade do pazo de Meirás [66768](#)

I 20677 (10/POC-003350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a situación en que se atopa a asistencia sanitaria no concello de Trazo e a solución prevista pola Xunta de Galicia ao respecto [66770](#)

I 20688 (10/POC-003351)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a acadar un incremento dos censos das razas autóctonas galegas [66772](#)

I 20690 (10/POC-003352)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre o balance pola Xunta de Galicia das axudas concedidas aos proxectos de transformación de produtos agrarios [66774](#)

I 20703 (10/POC-003353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a garantir a subministración de auga aos núcleos urbanos de Galicia, en concreto a Vigo e a súa área urbana [66776](#)

I 20712 (10/POC-003354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 6 máis

Sobre o coñecemento por parte da cidadanía galega das campañas, medidas e accións de prevención contra a violencia de xénero [66779](#)

I 20715 (10/POC-003355)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula**Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa prevención dos incendios forestais [66782](#)**I 20720 (10/POC-003356)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**Sobre a situación da infraestrutura e a dotación de persoal de enfermaría no Hospital Comarcal de Monforte [66785](#)**I 20734 (10/POC-003357)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**Sobre a xustificación da proposta de construción dunha planta de almacenaxe e pretratamento de aceites industriais e hidrocarburos residuais no peirao de Oza, no concello da Coruña, a opinión da Xunta de Galicia referida ao seu impacto na bocana da ría do Burgo e as razóns da realización do estudo de impacto ambiental para un proxecto destas características, así como as súas intencións ao respecto [66788](#)**I 20743 (10/POC-003358)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**Sobre os datos referidos á concesión e denegación de subvencións aos concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos, ao abeiro da Orde do 5 de maio de 2017, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para actividades culturais, así como a opinión do Goberno galego en relación coa incidencia do prazo fixado para a resolución da convocatoria na programación das obras polas entidades locais [66792](#)**I 20746 (10/POC-003359)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e 2 máis**Sobre as medidas adoptadas ou que está a adoptar a Xunta de Galicia para evitar a erosión dos solos nas zonas queimadas, os materiais utilizados para ese fin e a súa procedencia [66795](#)**I 20767 (10/POC-003361)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da necesidade de crear un punto de atención continuada específico para os concellos de Barbadás, San Cibrao das Viñas e Toén, a súa opinión referida ás condicións nas que se atopa a atención sanitaria neles e as actuacións levadas a cabo ou previstas para atender as novas necesidades xeradas diante do aumento da poboación no concello de Barbadás e o seu contorno [66797](#)**I 20786 (10/POC-003362)****Grupo Parlamentario de En Marea**

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa demora existente no desenvolvemento normativo da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, as razóns da non publicación do decreto regulador antes do inicio da tramitación dos orzamentos para o ano 2018 e o establecemento dun proceso de consultas coas entidades e colectivos sociais para a súa redacción, así como os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas no ano 2017 para a concesión da Risga e as previsións ao respecto para o ano 2018 [66802](#)

I 20796 (10/POC-003363)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da evolución que presentan entre os anos 2008 e 2016 os ingresos da poboación asalariada en Galicia, segundo os datos publicados pola Axencia Tributaria, a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto [66806](#)

I 20799 (10/POC-003364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da oportunidade de incluír a oferta do ciclo formativo de grao medio de sistemas microinformáticos e redes a partir do curso 2018-2019 no IES de Melide [66810](#)

I 20804 (10/POC-003365)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa autorización polo Ministerio de Fomento a Audasa da suba dun 3,1 % das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e o seu coñecemento ou participación nas conversas e no acordo final entre o Ministerio e a concesionaria, así como as actuacións previstas ao respecto e as súas razóns para non facer un estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública [66813](#)

I 20815 (10/POC-003366)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para erradicar a praga da pulguiña da pataca (*Epitrix spp*), así como as adoptadas para paliar o seu impacto económico para as persoas consumidoras e produtoras [66816](#)

I 20822 (10/POC-003367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coa exclusión das titulacións impartidas ao abeiro do Sistema universitario de Galicia da formación para os cadros de persoal das entidades bancarias e a venda de produtos financeiros complexos [66819](#)

I 20827 (10/POC-003368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración, as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Xunta de Galicia en relación co acordo parlamentario referido á proposta ás universidades galegas da incorporación aos actuais plans de estudos do Máster Universitario en Profesorado dunha materia específica para a atención e prevención da violencia de xénero, así como as avaliacións específicas desenvolvidas pola Secretaría Xeral de Igualdade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao respecto

[66824](#)**I 20839 (10/POC-003369)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das razóns do Ministerio de Facenda para vender en poxa pública a parcela na que se atopa o xacemento arqueolóxico do Paleolítico Superior da Pena Grande de Férvedes, no concello de Vilalba, e as súas previsións respecto da realización dalgunha actuación para evitala, así como a demanda da cesión gratuíta deses terreos á Xunta de Galicia ou ao Concello de Vilalba para a posta en valor dese patrimonio histórico e cultural

[66828](#)**I 20842 (10/POC-003370)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas conclusións en materia de transparencia reflectidas no informe elaborado polo Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente e titulado *O control e a execución da política pesqueira en España. Informe final 26.07.2017*, a elaboración pola Xunta de Galicia do informe final de resultados correspondente ao programa autonómico de control da rastrexabilidade dos produtos da pesca e da acuicultura e o cumprimento dos requisitos establecidos pola Unión Europea na materia, así como as medidas previstas ao respecto

[66833](#)**I 20849 (10/POC-003371)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o coñecemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das intencións do Ministerio de Facenda de vender en poxa pública os terreos onde se atopa o xacemento arqueolóxico da Pena Grande de Férvedes, no concello de Vilalba, a súa valoración en relación co seu paso a mans privadas e as actuacións previstas para evitalo, así como para o traspaso da súa titularidade ao dominio publico, a súa investigación e posta en valor

[66836](#)**I 20863 (10/POC-003372)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto dos problemas habituais que se están a producir no Centro de Saúde da Illa de Arousa, como consecuencia das deficiencias existentes nas súas instalacións e da non cobertura das baixas e vacacións dos seus profesionais, o cronograma previsto para a execución e posta en funcionamento das obras de ampliación e mellora do centro e a garantía da cobertura nel das ausencias dos profesionais titulares, así como o reforzo do servizo na época do verán

[66838](#)

I 20876 (10/POC-003373)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Domínguez, Sandra e 8 máis**

Sobre o balance do programa *O teu verán colle nunha mochila*, desenvolvido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado [66841](#)

I 20907 (10/POC-003374)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre as estratexias da Xunta de Galicia para diminuír a exposición das persoas ao gas radón, as medidas que está a adoptar ao respecto en relación coa construción e a formación que están a recibir para ese fin os profesionais do sector, así como o coidado específico que se está a ter con aqueles edificios nos que a cidadanía pasa longos períodos de tempo e cos de titularidade pública en xeral [66843](#)

I 20909 (10/POC-003375)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre o número de visitantes que tivo nos últimos anos a praia das Catedrais, no concello de Ribadeo, o seu impacto no ecosistema e no contorno natural e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para protexela da masificación e, de xeito específico, cara ao Ano Xacobeo 2021, así como a avaliación que fai respecto do seu plan especial de protección e a súa opinión en relación coas medidas reflectidas nel [66846](#)

I 20918 (10/POC-003376)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co financiamento dunha campaña primaveral con trampeo masivo de prevención e loita contra a avespa velutina e a implicación que van ter as consellerías de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do Medio Rural, así como o asinamento coas universidades galegas dalgún novo convenio en materia de investigación ao respecto [66849](#)

I 20923 (10/POC-003377)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre as razóns do Instituto Enerxético de Galicia para non asinar o Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía impulsado pola Comisión Europea, as súas intencións en relación coa reconsideración desa decisión e a súa información referida aos concellos galegos que desenvolveron os seus plans de acción para a enerxía sustentable e o clima, así como a colaboración con eles no desenvolvemento deses plans e as previsións ao respecto [66853](#)

I 20928 (10/POC-003378)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non cubrir axeitadamente os permisos do persoal facultativo do Centro de Saúde das Pontes de García Rodríguez, o prazo estimado para o arranxo das

deficiencias estruturais que presenta o seu edificio e as súas previsións respecto da dotación a ese centro dun aparello de raios X, así como do persoal necesario para o seu funcionamento [66858](#)

I 20934 (10/POC-003379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos beneficios obtidos polas industrias lácteas en Galicia e as perdas sufridas polas explotacións, así como a falta de traslado ao sector gandeiro dos beneficios derivados do aumento da demanda e do prezo da manteiga, e as medidas que vai adoptar ao respecto [66861](#)

I 20950 (10/POC-003381)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a decisión adoptada polo Goberno galego en relación co procedemento iniciado polo Concello de Baiona para a construción dunha área deportiva na parroquia de Baredo [66864](#)

I 20953 (10/POC-003382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación co inicio da actividade do Centro de Saúde do Couto, na cidade de Ourense, os protocolos desenvolvidos pola Consellería de Sanidade para a reorganización da atención sanitaria e as medidas adoptadas ou previstas diante da problemática xerada con motivo da súa apertura, así como os datos referidos ao cadro de persoal e número de tarxetas adscritas ao centro [66867](#)

I 20961 (10/POC-003383)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á decisión do Goberno central en relación coa modificación do Regulamento 1316/2013 e a inclusión da conexión ferroviaria dos principais portos galegos na rede básica do trazado do corredor atlántico de mercadorías, as actuacións que vai levar a cabo para a defensa da integración desa conexión ferroviaria na Rede transeuropea de transportes, rediseñando o trazado dese corredor, e as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto [66871](#)

I 20964 (10/POC-003384)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas actuacións e actividades levadas a cabo polo alumnado do CEIP de Coirón-Dena, no concello de Meaño, para recadar fondos para o arranxo do patio do centro, o coñecemento das demandas existentes para ese fin e as actuacións previstas ao respecto [66874](#)

I 20968 (10/POC-003385)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a adquisición polo Goberno galego do material suficiente para iniciar no mes de febreiro de 2018 o trampeo masivo contra a avespa velutina e as súas previsións en relación coa posta en marcha dunha campaña informativa e divulgativa ao respecto e a consignación dunha partida orzamentaria suficiente para profundar na investigación e erradicar esa especie, así como o establecemento de axudas directas para afrontar os danos causados á poboación apícola

[66876](#)**I 20989 (10/POC-003387)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis**

Sobre o papel que está a desempeñar a CRTVG na organización da 36 Conferencia Anual de Circum, a Asociación de Televisións Rexionais Europeas, que se vai celebrar en maio de 2018 na cidade holandesa de Leeuwarden

[66879](#)**I 21000 (10/POC-003388)****Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do estado de abandono no que se atopa a histórica locomotora do ferrocarril de Galicia coñecida como *Sarita*, depositada na actualidade na Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia

[66881](#)**I 21004 (10/POC-003389)****Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José**

Sobre a posición trasladada pola Xunta de Galicia á ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para a defensa dos intereses do sector pesqueiro galego diante dos demais ministros europeos de pesca e da Comisión Europea nas negociacións que se van levar a cabo no mes de decembro de 2017

[66883](#)**I 21012 (10/POC-003390)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e 13 máis**

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a derogación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as súas intencións en relación co establecemento dun acordo cos representantes sindicais do persoal funcionario público para a recuperación íntegra das contías deixadas de percibir durante a crise económica

[66885](#)**I 21019 (10/POC-003391)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da decisión do Ministerio de Facenda de vender en poxa pública o xacemento arqueolóxico da Pena Grande, no concello de Vilalba, e o predio situado dentro do ámbito de respecto establecido no PXOM de Castroverde para o castro de Saceda, as súas razóns para non reclamar a súa titularidade e as medidas previstas para evitar estas situacións no futuro

[66890](#)

I 21021 (10/POC-003392)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da denominación elixida polos grupos de acción local do sector pesqueiro para o proxecto presentado como *Ruta dos Faros de Galicia*, o coñecemento da existencia xa dende o ano 2013 da iniciativa coñecida como Camiño dos Faros e as súas intencións respecto da modificación da denominación desa ruta para evitar posibles confusións [66893](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia**3.2. Recursos humanos**

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 28 de novembro de 2017, polo que se anuncia a convocatoria de probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia e se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección [66734](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 28 de novembro de 2017, polo que se anuncia a convocatoria de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas da escala superior de documentación do Parlamento de Galicia e se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección [66751](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de decembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite vía urxencia (Art. 98)

- 20984 (10/POC-003386)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 8 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario referido á realización dun estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, respecto da posibilidade de reversión ao patrimonio público da titularidade do pazo de Meirás.

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 20677 (10/POC-003350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a situación en que se atopa a asistencia sanitaria no concello de Trazo e a solución prevista pola Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 20688 (10/POC-003351)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a acadar un incremento dos censos das razas autóctonas galegas

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 20690 (10/POC-003352)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre o balance pola Xunta de Galicia das axudas concedidas aos proxectos de transformación de produtos agrarios

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 20703 (10/POC-003353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a garantir a subministración de auga aos núcleos urbanos de Galicia, en concreto a Vigo e a súa área urbana

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 20712 (10/POC-003354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 6 máis

Sobre o coñecemento por parte da cidadanía galega das campañas, medidas e accións de prevención contra a violencia de xénero

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 20715 (10/POC-003355)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa prevención dos incendios forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 20720 (10/POC-003356)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a situación da infraestrutura e a dotación de persoal de enfermaría no Hospital Comarcal de Monforte

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 20734 (10/POC-003357)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a xustificación da proposta de construción dunha planta de almacenaxe e pretratamento de aceites industriais e hidrocarburos residuais no peirao de Oza, no concello da Coruña, a opinión da Xunta de Galicia referida ao seu impacto na bocana da ría do Burgo e as razóns da realización do estudo de impacto ambiental para un proxecto destas características, así como as súas intencións ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 20743 (10/POC-003358)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos á concesión e denegación de subvencións aos concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos, ao abeiro da Orde do 5 de maio de 2017, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para actividades culturais, así como a opinión do Goberno galego en relación coa incidencia do prazo fixado para a resolución da convocatoria na programación das obras polas entidades locais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 20746 (10/POC-003359)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas ou que está a adoptar a Xunta de Galicia para evitar a erosión dos solos nas zonas queimadas, os materiais utilizados para ese fin e a súa procedencia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 20767 (10/POC-003361)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da necesidade de crear un punto de atención continuada específico para os concellos de Barbadás, San Cibrao das Viñas e Toén, a súa opinión referida ás condicións nas que se atopa a atención sanitaria neles e as actuacións levadas a cabo ou previstas para atender as novas necesidades xeradas diante do aumento da poboación no concello de Barbadás e o seu contorno

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 20786 (10/POC-003362)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa demora existente no desenvolvemento normativo da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, as razóns da non publicación do decreto regulador antes do inicio da tramitación dos orzamentos para o ano 2018 e o establecemento dun proceso de consultas coas entidades e colectivos sociais para a súa redacción, así como os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas no ano 2017 para a concesión da Risga e as previsións ao respecto para o ano 2018

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 20796 (10/POC-003363)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da evolución que presentan entre os anos 2008 e 2016 os ingresos da poboación asalariada en Galicia, segundo os datos publicados pola Axencia Tributaria, a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 20799 (10/POC-003364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da oportunidade de incluír a oferta do ciclo formativo de grao medio de sistemas microinformáticos e redes a partir do curso 2018-2019 no IES de Melide

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 20804 (10/POC-003365)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa autorización polo Ministerio de Fomento a Audasa da suba dun 3,1 % das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e o seu coñecemento ou participación nas conversas e no acordo final entre o Ministerio e a concesionaria, así como as actuacións previstas ao respecto e as súas razóns para non facer un estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 20815 (10/POC-003366)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para erradicar a praga da pulguiña da pataca (*Epitrix spp*), así como as adoptadas para paliar o seu impacto económico para as persoas consumidoras e produtoras

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 20822 (10/POC-003367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coa exclusión das titulacións impartidas ao abeiro do Sistema universitario de Galicia da formación para os cadros de persoal das entidades bancarias e a venda de produtos financeiros complexos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 20827 (10/POC-003368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración, as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Xunta de Galicia en relación co acordo parlamentario referido á proposta ás universidades galegas da incorporación aos actuais plans de estudos do Máster Universitario en Profesorado dunha materia específica para a atención e prevención da violencia de xénero, así como as avaliacións específicas desenvolvidas pola Secretaría Xeral de Igualdade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 20839 (10/POC-003369)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das razóns do Ministerio de Facenda para vender en poxa pública a parcela na que se atopa o xacemento arqueolóxico do Paleolítico Superior da Pena Grande de Férvedes, no concello de Vilalba, e as súas previsións respecto da realización dalgunha actuación para evitala, así como a demanda da cesión gratuíta deses terreos á Xunta de Galicia ou ao Concello de Vilalba para a posta en valor dese patrimonio histórico e cultural

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 20842 (10/POC-003370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas conclusións en materia de transparencia reflectidas no informe elaborado polo Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente e titulado *O control e a execución da política pesqueira en España. Informe final 26.07.2017*, a elaboración pola Xunta de Galicia do informe final de resultados correspondente ao programa autonómico de control da rastrexabilidade dos produtos da pesca e da acuicultura e o cumprimento dos requisitos establecidos pola Unión Europea na materia, así como as medidas previstas ao respecto

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 20849 (10/POC-003371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o coñecemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das intencións do Ministerio de Facenda de vender en poxa pública os terreos onde se atopa o xacemento arqueolóxico da Pena Grande de Férvedes, no concello de Vilalba, a súa valoración en relación co seu paso a mans privadas e as actuacións previstas para evitalo, así como para o traspaso da súa titularidade ao dominio publico, a súa investigación e posta en valor

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 20863 (10/POC-003372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto dos problemas habituais que se están a producir no Centro de Saúde da Illa de Arousa, como consecuencia das deficiencias existentes nas súas instalacións e da non cobertura das baixas e vacacións dos seus profesionais, o cronograma previsto para a execución e posta en funcionamento das obras de ampliación e mellora do centro e a garantía da cobertura nel das ausencias dos profesionais titulares, así como o reforzo do servizo na época do verán

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 20876 (10/POC-003373)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 8 máis

Sobre o balance do programa *O teu verán colle nunha mochila*, desenvolvido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 20907 (10/POC-003374)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as estratexias da Xunta de Galicia para diminuír a exposición das persoas ao gas radón, as medidas que está a adoptar ao respecto en relación coa construción e a formación que están a recibir para ese fin os profesionais do sector, así como o coidado específico que se está a ter con aqueles edificios nos que a cidadanía pasa longos períodos de tempo e cos de titularidade pública en xeral

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 20909 (10/POC-003375)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o número de visitantes que tivo nos últimos anos a praia das Catedrais, no concello de Ribadeo, o seu impacto no ecosistema e no contorno natural e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para protexela da masificación e, de xeito específico, cara ao Ano Xacobeo 2021, así como a avaliación que fai respecto do seu plan especial de protección e a súa opinión en relación coas medidas reflectidas nel

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 20918 (10/POC-003376)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co financiamento dunha campaña primaveral con trampeo masivo de prevención e loita contra a avéspera velutina e a implicación que van ter as consellerías de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do Medio Rural, así como o asinamento coas universidades galegas dalgún novo convenio en materia de investigación ao respecto
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 20923 (10/POC-003377)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as razóns do Instituto Enerxético de Galicia para non asinar o Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía impulsado pola Comisión Europea, as súas intencións en relación coa reconsideración desa decisión e a súa información referida aos concellos galegos que desenvolveron os seus plans de acción para a enerxía sustentable e o clima, así como a colaboración con eles no desenvolvemento deses plans e as previsións ao respecto
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 20928 (10/POC-003378)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non cubrir axeitadamente os permisos do persoal facultativo do Centro de Saúde das Pontes de García Rodríguez, o prazo estimado para o arranxo das deficiencias estruturais que presenta o seu edificio e as súas previsións respecto da dotación a ese centro dun aparello de raios X, así como do persoal necesario para o seu funcionamento
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 20934 (10/POC-003379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos beneficios obtidos polas industrias lácteas en Galicia e as perdas sufridas polas explotacións, así como a falta de traslado ao sector gandeiro dos beneficios derivados do aumento da demanda e do prezo da manteiga, e as medidas que vai adoptar ao respecto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 20950 (10/POC-003381)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a decisión adoptada polo Goberno galego en relación co procedemento iniciado polo Concello de Baiona para a construción dunha área deportiva na parroquia de Baredo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 20953 (10/POC-003382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación co inicio da actividade do Centro de Saúde do Couto, na cidade de Ourense, os protocolos desenvolvidos pola Consellería de Sanidade para a reorganización da atención sanitaria e as medidas adoptadas ou previstas diante da problemática xerada con motivo da súa apertura, así como os datos referidos ao cadro de persoal e número de tarxetas adscritas ao centro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 20961 (10/POC-003383)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á decisión do Goberno central en relación coa modificación do Regulamento 1316/2013 e a inclusión da conexión ferroviaria dos principais portos galegos na rede básica do trazado do corredor atlántico de mercadorías, as actuacións que vai levar a cabo para a defensa da integración desa conexión ferroviaria na Rede transeuropea de transportes, rediseñando o trazado dese corredor, e as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 20964 (10/POC-003384)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas actuacións e actividades levadas a cabo polo alumnado do CEIP de Coirón-Dena, no concello de Meaño, para recadar fondos para o arranxo do patio do centro, o coñecemento das demandas existentes para ese fin e as actuacións previstas ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 20968 (10/POC-003385)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a adquisición polo Goberno galego do material suficiente para iniciar no mes de febreiro de 2018 o trampeo masivo contra a avespa velutina e as súas previsións en relación coa posta en marcha dunha campaña informativa e divulgativa ao respecto e a consignación dunha partida orzamentaria suficiente para profundar na investigación e erradicar esa especie, así como o establecemento de axudas directas para afrontar os danos causados á poboación apícola

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 20989 (10/POC-003387)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre o papel que está a desempeñar a CRTVG na organización da 36 Conferencia Anual de Circom, a Asociación de Televisións Rexionais Europeas, que se vai celebrar en maio de 2018 na cidade holandesa de Leeuwarden

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 21000 (10/POC-003388)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do estado de abandono no que se atopa a histórica locomotora do ferrocarril de Galicia coñecida como *Sarita*, depositada na actualidade na Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21004 (10/POC-003389)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a posición trasladada pola Xunta de Galicia á ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para a defensa dos intereses do sector pesqueiro galego diante dos demais ministros europeos de pesca e da Comisión Europea nas negociacións que se van levar a cabo no mes de decembro de 2017

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 21012 (10/POC-003390)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 13 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a derogación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as súas intención en relación co establecemento dun acordo cos representantes sindicais do persoal funcionario público para a recuperación íntegra das contías deixadas de percibir durante a crise económica

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21019 (10/POC-003391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da decisión do Ministerio de Facenda de vender en pxa pública o xacemento arqueolóxico da Pena Grande, no concello de Vilalba, e o predio situado dentro do ámbito de respecto establecido no PXOM de Castroverde para o castro de Saceda, as súas razóns para non reclamar a súa titularidade e as medidas previstas para evitar estas situacións no futuro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21021 (10/POC-003392)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da denominación elixida polos grupos de acción local do sector pesqueiro para o proxecto presentado como *Ruta dos Faros de Galicia*, o coñecemento da existencia xa dende o ano 2013 da iniciativa coñecida como Camiño dos Faros e as súas intencións respecto da modificación da denominación desa ruta para evitar posibles confusións

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 28 de novembro de 2017, polo que se anuncia a convocatoria de probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia e se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección

Consonte as medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2017 adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia e acordadas na Mesa de Negociación, entre as que se inclúe proceder á convocatoria de probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e 16 do seu Estatuto de persoal, a Mesa do Parlamento de Galicia, mediante acordo, aprobou as seguintes bases que rexerán as probas selectivas para o ingreso na dita praza.

BASES

Primeira. Normas xerais

1.1. Características da praza.

Convócase proceso selectivo para ingresar nunha praza, mediante promoción interna, do corpo de xestión do Parlamento de Galicia (grupo B).

A praza está dotada coas súas retribucións correspondentes, consignadas nos orzamentos do Parlamento de Galicia para o ano 2017 (incrementadas no 1 %).

A este proceso selectivo seralle aplicable o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia e o disposto nesta convocatoria.

1.2. Procedemento de selección.

Ao abeiro do establecido no artigo 35 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, o sistema de selección será, mediante promoción interna, o de concurso-oposición.

1.3. Incompatibilidades.

A praza está sometida ao réxime xeral de incompatibilidades establecido no Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

Segunda. Requisitos dos aspirantes

2.1. Xerais.

Para seren admitidos á realización das probas selectivas, as/os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Pertencer como funcionarios de carreira ao corpo administrativo do Parlamento de Galicia, e ter unha antigüidade nese corpo de, polo menos, dous anos.

b) Non exceder a idade de xubilación forzosa.

c) Titulación de diplomado/a universitario/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase posuír o documento acreditativo da súa homologación.

d) Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das funcións correspondentes.

e) Non ter sido obxecto dunha separación de servizo mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública nin obxecto dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

2.2. Concorrenca.

Os requisitos establecidos no apartado anterior deberán cumprirse no último día de prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse ata o momento da toma de posesión da praza resultante deste proceso selectivo.

Terceira. Solicitudes

3.1. Forma.

Quen desexe participar nas probas selectivas deberá formular a súa solicitude segundo o modelo que figura como anexo I, que tamén estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia. Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

a) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame ou, de ser o caso, documentación acreditativa de encontrarse nalgunha das situacións ás que fai referencia esta convocatoria susceptibles de exención do pagamento.

b) Declaración de que non se atopa separado/a, a través de expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública nin inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, así como de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das correspondentes funcións (anexo III).

c) Documento xustificativo orixinal ou fotocopia debidamente compulsada de estar en posesión do curso Celga 4 ou de perfeccionamento de coñecemento da lingua galega, ou curso equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para os efectos da exención prevista no terceiro exercicio.

d) Documentación acreditativa dos méritos alegados na fase de concurso.

3.2. Destinatario, prazo e lugar de presentación.

As solicitudes dirixiranse á Presidencia do Parlamento de Galicia. O prazo de presentación será de vinte días naturais, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, sito na rúa do Hórreo, en Santiago de Compostela, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.3. Dereitos de exame.

O seu importe, de 35,43 euros, acreditarase acompañando á solicitude para participar nas probas selectivas o xustificante do ingreso realizado mediante transferencia bancaria na conta corrente de Abanca ES50-2080-0388-21-3110000502, e indicarse: «Taxas selección CXP», DNI e nome da/o aspirante.

Ás/aos aspirantes excluídos devolveráselles o importe ingresado, sempre que o soliciten no prazo dun mes, contado desde a publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Non obstante, estará exento do pagamento das taxas dos dereitos de exame quen estea incurso nalguna das situacións ás que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.4. As/os aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán indicalo na solicitude especificando claramente a porcentaxe de discapacidade recoñecida polo órgano competente, e deberán solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

Cuarta. Admisión de aspirantes

Relacións de admitidos e excluídos.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará resolución na que se declarará aprobada a relación provisional de admitidos e excluídos, con indicación de apelidos, nome e número de documento nacional de identidade, xunto coa motivación da exclusión, se é o caso. Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, así como na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es).

Os aspirantes excluídos dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación destas peticións de emenda entenderanse implícitas na resolución pola que se determine a relación definitiva de admitidos e excluídos.

Transcorrido o dito prazo, a Presidencia ditará resolución definitiva, contra a que se pode interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A resolución definitiva será obxecto da mesma publicidade que a provisional.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos exixidos nestas bases. Cando da documentación que deba presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, o/a interesado/a decaerá en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento.

A dita resolución definitiva determinará o lugar, a data e a hora do comezo do primeiro exercicio.

Quinta. Tribunal cualificador

5.1. Composición.

O tribunal cualificador das probas selectivas será designado pola Presidencia da Cámara de acordo coa normativa reguladora da función pública aplicable nesta materia, e non poderá estar composto maioritariamente por persoal do corpo do que se trate. Ningunha persoa integrante terá titulación inferior á exixida para a admisión ás probas. Na súa composición debe atenderse aos principios de imparcialidade e profesionalidade, así como ás normas de igualdade de mulleres e homes.

O tribunal poderá, para os seus traballos, dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios cando o coide necesario. Estes asesores limitaranse a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores deberá comunicárselle á Presidencia do Parlamento de Galicia.

5.2. Abstención e recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse, ou poderán ser recusados por calquera interesado, e particularmente polos aspirantes, cando concorran algúns dos supostos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes relativas a procesos selectivos de acceso ao corpo e escala aos que corresponde a praza obxecto desta convocatoria nos cinco anos anteriores ao da publicación desta convocatoria, e, neste caso, deberán comunicarllo á Presidencia do Parlamento. Cando se produza esta situación, e consecuentemente a vacante dun membro do tribunal titular, o seu suplente cubrirá o devandito posto e a Presidencia designará un novo suplente.

A presidenta ou o presidente, na sesión de constitución do tribunal, solicitará dos membros do tribunal a declaración expresa de non encontrarse incurso nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou na prevista nestas bases.

5.3. Constitución e actuación.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da maioría dos seus membros, e será necesaria en todo caso a presenza de presidente/a e secretario/a.

As decisións adoptaranse por maioría dos presentes.

Por cada sesión do tribunal levantarase acta, coa sinatura do secretario ou secretaria e o visto e prace do presidente ou presidenta.

5.4. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Será nula de pleno dereito calquera proposta de aprobados que o contraveña.

Sexta. Proceso de selección

6.1. Fase de oposición.

Os temas que rexerán as probas selectivas serán os publicados como anexo II a estas bases.

6.1.1. Exercicios.

a) O primeiro exercicio, de carácter obrigatorio, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cincuenta preguntas tipo test sobre o contido do programa, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha será a correcta. No test poderán poñerse ata cinco preguntas máis de reserva para o caso de que se anule algunha das mencionadas anteriormente.

Por cada pregunta incorrecta non se descontará ningunha resposta correcta.

O tempo máximo de duración desta proba será dunha hora.

b) O segundo exercicio, de carácter obrigatorio, consistirá na resolución dun suposto práctico que elixirán as/os aspirantes entre dous propostos polo tribunal e no que se suscitarán cuestións diversas relacionadas proporcionalmente cos distintos contidos do programa, durante un tempo máximo de dúas horas.

O tribunal poderá determinar a realización dos dous exercicios na mesma sesión, sen prexuízo de que poida dispoñer a realización dunha pequena pausa entre un e outro exercicio.

O primeiro e segundo exercicios cualificaranse cada un de 0 a 15 puntos.

c) O terceiro exercicio, de carácter obrigatorio, consistirá na realización de dúas traducións, unha do castelán para o galego e outra do galego para o castelán, durante o tempo máximo dunha hora.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio as/os aspirantes que acrediten posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o curso Celga 4 ou o de perfeccionamento de coñecemento da lingua galega, ou curso equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Para superar a fase de oposición será preciso acadar polo menos un total de 15 puntos respecto dos exercicios de carácter obrigatorio e ter a cualificación de apto no terceiro exercicio, sen prexuízo do establecido nesta base no que atinxe á súa exención.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixidos para acadar esta puntuación mínima.

6.1.2. Unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, a puntuación da fase de oposición publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es). Concederase, a partir de entón, un prazo de dez días para que as/os aspirantes fagan ante o tribunal as alegacións que estimen oportunas.

6.1.3. As/os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do documento nacional de identidade ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán levar bolígrafo azul ou negro.

6.1.4. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e colaboradores designados por este.

6.1.5. As/os aspirantes non poderán acudir ao recinto do exame provistos de teléfono móbil, obxectos ou demais dispositivos de carácter electrónico.

6.2. Fase de concurso.

A fase de concurso consistirá na valoración dos seguintes méritos das/os aspirantes que superen a fase de oposición:

a) Antigüidade, ata un máximo de 6 puntos:

1. Por servizos prestados como funcionario de carreira no grupo C, ou no extinto grupo D, na Administración parlamentaria, 0,019 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo de excedencia para o coidado de fillos e familiares.

2. Por servizos prestados como funcionario de carreira nos distintos corpos doutras administracións públicas nos grupos a que fai referencia o número anterior: 0,010 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo de excedencia por coidado de fillos e familiares.

b) Traballo desenvolvido na Administración parlamentaria en anteriores postos, en materias relacionadas co posto ao que optan, ata un máximo de 2 puntos; 0,010 puntos/mes

c) O grao persoal consolidado, ata un máximo de 2 puntos, do seguinte xeito:

Nivel 16: 0,4 puntos.

Nivel 17: 0,8 puntos.

Nivel 18: 1,2 puntos.

Nivel 19: 1,6 puntos.

Nivel 20: 2 puntos.

Conforme o establecido na disposición transitoria novena do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, valorarase a prestación de servizos no grupo C previa á entrada en vigor do referido Estatuto de persoal; 0,010 puntos/mes, ata un máximo de 2 puntos.

d) Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, ata un máximo de 0,5 puntos:

— Licenza de maternidade: 0,20 puntos/licenza.

— Permiso de paternidade: 0,20 puntos/permiso.

— Redución de xornada prevista no artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia: 0,20 puntos. Para estes efectos, só se computará unha redución por ano.

— Excedencia para coidado de fillos e familiares: 0,04 puntos/mes.

e) Formación, ata un máximo de 2,5 puntos:

Pola realización de cursos de formación impartidos por escolas oficiais de formación das CC.AA., universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que neste último caso os cursos contén cunha homologación oficial.

Para estes efectos, valoraranse os cursos realizados sobre procedemento administrativo, seguridade e saúde laboral, contratación administrativa, xestión administrativa, persoal, igualdade, dereito sancionador, responsabilidade patrimonial, linguaxe administrativa, informática, lingua galega, idiomas oficiais da Unión Europea e sobre calquera outra materia relacionada coas funcións propias deste tipo de postos de traballo.

A valoración dos cursos farase de acordo cos seguintes criterios:

— Por cada curso igual ou superior a 12 horas lectivas e ata 39 horas lectivas: 0,30 puntos por curso.

— Por cada curso igual ou superior a 40 horas lectivas e ata 74 horas lectivas: 0,50 puntos por curso.

— Por cada curso igual ou superior a 75 horas lectivas: 1 punto por curso.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración, nin os cursos inferiores a 12 horas lectivas, nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

6.2.1. A puntuación obtida na fase de concurso non poderá superar os 12 puntos, sumando todos os méritos a que se refire a base 6.2.

6.2.2. A experiencia alegada nos puntos anteriores deberase referir á data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

6.2.3. As puntuacións obtidas na fase de concurso publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e na páxina web do Parlamento de Galicia, con posterioridade ao remate do prazo para presentar alegacións ás puntuacións da fase de oposición da base 6.1.2.

As/os aspirantes dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para efectuar perante o tribunal as alegacións que coiden oportunas respecto da puntuación outorgada na fase de concurso.

6.2.4. Os méritos aos que se refiren os puntos 6.2.a).1, 6.2.a).2 deberán xuntarse á solicitude e acreditarse, segundo o modelo do anexo IV, coa seguinte documentación:

a) No caso de servizos prestados no Parlamento de Galicia, mediante certificación da unidade administrativa do Parlamento de Galicia competente en materia de recursos humanos.

b) No caso de servizos prestados noutras administracións públicas, mediante certificación da unidade de persoal do organismo correspondente. No suposto de que tales servizos xa consten na Administración parlamentaria, poderán acreditarse coa certificación da unidade administrativa do Parlamento de Galicia competente en materia de recursos humanos.

Xunto co certificado, achegarase documentación acreditativa, debidamente compulsada, dos méritos nel reflectidos, entre a que se atopará o nomeamento como persoal funcionario, como interino, como contratado administrativo ou o contrato laboral.

Non se terán en conta as certificacións que non se axusten ao establecido nestes puntos, ou que, en calquera caso, non xunten a documentación acreditativa dos méritos reflectidos na certificación.

6.2.5 Os méritos a que se refire o punto 6.2.b) deberán manifestarse na solicitude e acreditaranse mediante certificación expedida pola xefatura da unidade administrativa competente.

6.2.6. Os méritos a que se refiren os puntos 6.2.c) e 6.2.d) deberán manifestarse na solicitude e acreditaranse mediante certificación expedida pola unidade administrativa competente en materia de recursos humanos do Parlamento de Galicia.

6.2.7 Os méritos a que se refire o punto 6.2.e) deberán xuntarse á solicitude e acreditaranse mediante copia compulsada dos títulos ou diplomas acreditativos.

Sétima. Desenvolvemento dos exercicios

7.1. Os exercicios distribuiranse en galego. Non obstante, tamén se lles distribuirán en castelán ás/aos aspirantes que así o soliciten.

7.2. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

7.3. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal ten coñecemento de que algún aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, logo da audiencia ao interesado, deberá acordar a súa exclusión, se procede.

7.4. As/os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, e será excluído da oposición quen non compareza.

7.5. A publicación do anuncio de realización do segundo e sucesivos exercicios será efectuada polo tribunal na páxina web do Parlamento de Galicia, con corenta e oito horas, polo menos, de antelación á sinalada para a súa iniciación.

Oitava. Lista de aprobados

Rematadas as probas, o tribunal sumará os resultados obtidos por cada aspirante nas fases de concurso e oposición, o que será publicado, co nome e apelidos, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e elevaralle á Mesa do Parlamento a proposta en favor de quen obtivese a maior puntuación.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, aquel resolverase a favor de quen obteña a puntuación máis alta no primeiro exercicio (fase de oposición). De continuar o empate, resolverase acudindo á puntuación obtida na fase de concurso. De persistir o empate, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido, e, de ser igual, polo segundo, a partir da letra resultante do sorteo, I (i latino), conforme a resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 21 de xullo de 2017.

Novena. Presentación de documentos

9.1. A/o aspirante que supere o proceso selectivo deberá presentar, ante a Presidencia do Parlamento, no prazo de vinte días naturais desde que se faga público o acordo de aprobación pola Mesa do Parlamento de Galicia, e, para o caso de non se atopar en poder da Administración parlamentaria, a fotocopia compulsada do título exixido na base 2.1.c) ou certificación académica, co xustificante do aboamento dos dereitos de expedición do título.

9.2. Se dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, libremente apreciados polo letrado oficial maior, non presenta a documentación, ou se do exame dela se deduce que carece dalgún dos requisitos sinalados na base segunda, non poderá ser promocionado/a e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que poida incorrer por falsidade na solicitude inicial.

Décima. Nomeamento

Unha vez presentados, de ser o caso, os documentos aos que fai referencia a base anterior, a Presidencia procederá ao nomeamento como persoal funcionario do corpo de xestión do Parlamento

de Galicia da/do aspirante que superase o proceso selectivo, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*. Deberá tomar posesión do seu posto dentro do prazo dun mes desde a notificación do nomeamento.

Décimo primeira. Cláusula derradeira

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente :

ANEXO I

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESO SELECTIVO

Selo do Rexistro

DENOMINACIÓN DA PRAZA: corpo de xestión

Datos persoais:

<i>Primeiro apelido</i>		<i>Segundo apelido</i>			
<i>Nome</i>		<i>DNI</i>			
<i>Enderezo (rúa, praza, número)</i>			<i>Localidade</i>		<i>Código postal</i>
<i>Provincia</i>		<i>Teléfono 1</i>	<i>Teléfono 2</i>		
<i>Correo electrónico:</i>					
<i>Discapacidade (%):</i>		<i>Adaptación:</i>			

Antigüidade e traballo desenvolvido:

<i>Denominación do posto</i>	<i>Administración/Unidade administrativa</i>	<i>Grupo</i>	<i>Nivel</i>	<i>Desde</i>	<i>Ata</i>
<i>Grao persoal consolidado:</i>					

Exercicio de dereitos de conciliación:

<i>Tipo de licenza, permiso, redución ou excedencia</i>	<i>Desde</i>	<i>Ata</i>

Formación:

<i>Título do curso</i>	<i>Horas</i>	<i>Centro de expedición</i>

A persoa que asina **SOLICITA** ser admitida no proceso selectivo ao que fai referencia esta solicitude e **DECLARA** que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións exixidas para o ingreso no corpo de xestión do Parlamento de Galicia e as especialmente sinaladas na convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

(En cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os seus datos persoais serán incorporados a un ficheiro do que será titular o centro xestor do proceso de selección, e poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o precitado centro.)

Santiago de Compostela, dede 2017

(Sinatura)

ANEXO II

Temario

1. A Constitución española de 1978. Os valores superiores: principios constitucionais. O Estado español como Estado social e democrático de dereito.
2. Os dereitos e as liberdades públicas.
3. A Coroa, sucesión e rexencia.
4. Cortes Xerais. O Congreso e o Senado. Funcións.
5. Goberno. A súa regulación constitucional. Organización, estrutura e funcións do Goberno.
6. Poder xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Tribunal Supremo. O Ministerio Fiscal. Os tribunais superiores de xustiza.
7. Tribunal Constitucional. Organización. Presupostos materiais e procedementos de recursos ante o Tribunal
8. A distribución territorial do poder do Estado. A autonomía galega. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido; a súa reforma.
9. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de autonomía: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.
10. A Unión Europea. Natureza. Fontes do dereito europeo: dereito orixinario e dereito derivado. A integración do dereito europeo en España.
11. Os actos administrativos.
12. Procedemento administrativo común das administracións públicas.
13. A revisión dos actos en vía administrativa.
14. Regulamento do Parlamento de Galicia, acordos interpretativos e normas complementarias.
15. Autonomía administrativa do Parlamento. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia.
16. Normativa reguladora e réxime xurídico da contratación administrativa na Administración parlamentaria. Contratos administrativos e contratos privados. Contratos suxeitos a regulación harmonizada.

17. A racionalidade e consistencia da contratación administrativa. Liberdade de pactos. O contrato: perfección, forma e o seu réxime de invalidez. O recurso especial en materia de contratación.
18. Partes no contrato. Órgano de contratación. Capacidade e solvencia do empresario. Sucesión do contratista.
19. Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías exixibles na contratación do sector público.
20. A preparación e a adxudicación dos contratos das administracións públicas. Os distintos tipos de procedementos.
21. Os efectos, cumprimento e execución dos contratos. O principio de risco e ventura. O réxime e as consecuencias da execución defectuosa.
22. As prerrogativas da Administración parlamentaria na contratación administrativa.
23. O réxime de modificación, suspensión e extinción dos contratos. A cesión dos contratos e a subcontratación.
24. A racionalización técnica da contratación. A contratación electrónica.
25. Os distintos tipos de contratos das administracións públicas.
26. Contrato de obras. Contrato de concesión de obras.
27. Contratos de subministración.
28. Contrato de servizos. Contrato de concesión de servizos.
29. Os órganos competentes en materia de contratación. Órganos de contratación. Órganos de asistencia. Órganos consultivos. Elaboración e remisión de información: Tribunal de Contas e Consello de Contas.
30. Os rexistros oficiais. A publicidade contractual por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.
31. A función pública parlamentaria I: o seu réxime xurídico. Clases de persoal. Dereitos e deberes. Réxime disciplinario.
32. A función pública parlamentaria II: Planificación e ordenación de persoal. Sistemas de acceso e de provisión de postos. A promoción profesional.
33. A función pública parlamentaria III: situacións administrativas e réxime de incompatibilidades. Extinción da relación funcional.

34. A función pública parlamentaria IV: Representación, participación, negociación colectiva e dereito de reunión.

35. Disposicións legais en materia de igualdade en Galicia.

36. Sistema retributivo do persoal da Administración parlamentaria.

37. Nóminas: estrutura e normas de confección. Altas e baixas, a súa xustificación. Devindicación e liquidación de dereitos retributivos.

38. A Seguridade Social. Réxime xeral e os réximes especiais. A acción protectora da Seguridade Social. Tipos e características das prestacións. Réxime de incompatibilidades. Prescrición e caducidade. Reintegro das prestacións indebidas.

39. Réxime financeiro e orzamentario do Parlamento de Galicia. A execución orzamentaria e o seu control. Fases da execución orzamentaria.

40. Modificacións orzamentarias. Créditos extraordinarios e suplementos de crédito. Transferencias. Outras modificacións orzamentarias.

41. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

42. A protección de datos de carácter persoal. Disposicións xerais e datos especialmente protexidos. Normas para a regulación e protección dos datos de carácter persoal existentes no Parlamento de Galicia (Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 21 de marzo de 2012; Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 11 de abril de 2014).

O contido do temario para todos os exercicios da oposición axustarase á normativa publicada no *Boletín Oficial do Estado* ou no *Diario Oficial de Galicia* á data de publicación da presente convocatoria, aínda cando non entrase en vigor.

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA OU PROMESA

D./D^a, con documento nacional de identidade número.....

Declara baixo xuramento ou promete, para os efectos de participar no proceso selectivo dunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia, que non foi separado/a do servizo de ningunha das administracións públicas e que non está inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. Así mesmo, declara que non padece enfermidade ou discapacidade que lle impida o desempeño das correspondentes funcións do posto e que son certos todos os datos achegados respecto deste proceso selectivo.

.....,dede 2017

Sinatura

ANEXO IV
CERTIFICACIÓN DE MÉRITOS QUE SE FAN CONSTAR NO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA
DO CORPO DE XESTIÓN

Certifico:

D./D^a.....,

titular do posto.....

Que segundo os antecedentes que constan nesta*..... e á vista da documentación achegada:

D./D^a....., participante no proceso selectivo para a cobertura dunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia, ten acreditados os seguintes datos:

Experiencia profesional:

Servizos prestados no Parlamento de Galicia:

Denominación do posto:

Grupo:

Tempo:meses (base 6.2.a).1.)

Servizos prestados na Administración pública de :

Denominación do posto:

Grupo:

Tempo:meses (base 6.2.a).2.)

E para que conste, para os efectos da participación da persoa interesada no concurso-oposición do persoal funcionario para a cobertura dunha praza do corpo de xestión dentro da relación de postos de traballo do Parlamento de Galicia, publicado no *Diario Oficial de Galicia* o día, asino esta certificación en, o día de de 2017.

Sinatura

* Denominación da Administración pública de que se trata.

Santiago de Compostela, ... de de 2017

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 28 de novembro de 2017, polo que se anuncia a convocatoria de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas da escala superior de documentación do Parlamento de Galicia e se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección

De conformidade coas medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2017 adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia e acordadas na Mesa de Negociación, entre as que se inclúe proceder á convocatoria de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas da escala superior de documentación do Parlamento de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e 16 do seu Estatuto de persoal, a Mesa do Parlamento de Galicia, mediante acordo, aprobou as seguintes bases que rexerán as probas selectivas para o ingreso nas devanditas prazas.

BASES

Primeira. Normas xerais

1.1. Características da praza

Convócase proceso selectivo para ingresar en dúas prazas da escala superior de documentación do Parlamento de Galicia (grupo A).

As prazas están dotadas coas súas retribucións correspondentes, consignadas nos orzamentos do Parlamento de Galicia para o ano 2017 (incrementadas no 1 %).

1.2. Procedemento de selección.

Ao abeiro do establecido no artigo 55 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, o sistema de selección será o de concurso-oposición.

1.3. Incompatibilidades.

As prazas están sometidas ao réxime xeral de incompatibilidades establecido no Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

Segunda. Requisitos dos/das aspirantes

2.1. Xerais

Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Pertencer como funcionario/a de carreira á escala técnica de xestión de documentación e ter unha antigüidade nela de, polo menos, dous anos.

b) Titulación: estar en posesión ou en condición de obter a titulación de doutor/a, licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou equivalente.

c) Non exceder a idade de xubilación forzosa.

d) Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das funcións correspondentes.

e) Non ter sido obxecto dunha separación de servizo mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

2.2. Concorrenca

Os requisitos establecidos no apartado anterior deberán cumprirse no último día de prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da toma de posesión da praza resultante deste proceso.

Terceira. Solicitudes

3.1. Forma

Quen desexe participar nas probas selectivas deberá formular a súa solicitude segundo o modelo que figura como anexo I, que tamén estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia. Xunto coa solicitude presentárase a seguinte documentación:

a) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame ou, de ser o caso, documentación acreditativa de encontrarse nalguna das situacións ás que fai referencia esta convocatoria susceptibles da exención do pagamento.

b) Declaración de que non se atopa separado/a, a través de expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública nin de estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, e de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das correspondentes funcións (anexo III).

c) Documento xustificativo orixinal ou fotocopia debidamente compulsada de estar en posesión do curso de Celga 4 ou de perfeccionamento de coñecemento da lingua galega, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para os efectos da exención prevista no terceiro exercicio.

d) Documentación acreditativa dos méritos alegados na fase de concurso.

3.2. Destinatario, prazo e lugar de presentación

As solicitudes dirixiranse á Presidencia do Parlamento de Galicia. O prazo de presentación será de vinte días naturais, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, sito na rúa do Hó-reo, en Santiago de Compostela, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.3. Dereitos de exame

O seu importe, de 41,15 euros, acreditarase xuntando á solicitude para participar nas probas selectivas o xustificante do ingreso realizado mediante transferencia bancaria na conta corrente de Abanca ES 50 2080-0388-21-3110000502, e indicarse: «Taxas selección ESD», DNI e nome do/da aspirante.

Aos/ás aspirantes excluídos/as devolveráselles o importe ingresado, sempre que o soliciten, no prazo dun mes, contado desde a publicación da relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Non obstante, estará exento do pagamento da taxa dos dereitos de exame quen estea incurso nalgunha das situacións a que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.4. Os/as aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán indicalo na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecida polo órgano competente, e deberán solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

Cuarta. Admisión de aspirantes

Relación de admitidos/as e excluídos/as.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará resolución na que se declarará aprobada a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación de apelidos, nome e número de documento nacional de identidade, xunto coa motivación da exclusión, se é o caso. Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, así como na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es).

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación destas peticións de emenda entenderanse implícitas na resolución pola que se determine a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Transcorrido o dito prazo, a Presidencia ditará resolución definitiva, contra a que se pode interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A resolución definitiva será obxecto da mesma publicidade cá provisional.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos/ás interesados/as a posesión dos requisitos exixidos nestas bases. Cando da documentación que deba presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, o/a interesado/a decaerá en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento.

A dita resolución definitiva determinará o lugar, a data e a hora do comezo do primeiro exercicio.

Quinta. Tribunal cualificador

5.1. Composición

O tribunal cualificador das probas selectivas será designado pola Presidencia da Cámara de acordo coa normativa reguladora da función pública aplicable nesta materia, e non poderá estar composto maioritariamente por persoal do corpo ou escala de que se trate. Ningunha persoa integrante terá titulación inferior á exixida para a admisión ás probas. Na súa composición debe atenderse aos principios de imparcialidade e profesionalidade e ás normas de igualdade de mulleres e homes.

O tribunal poderá, para os seus traballos, dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas correspondentes aos exercicios cando o coide necesario, que se limitarán a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores deberá comunicárselle á Presidencia do Parlamento de Galicia.

5.2. Abstención e recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse, ou poderán ser recusados por calquera interesado, e particularmente polos aspirantes, cando concorra algún dos supostos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes relativas a procesos selectivos de acceso ao corpo e escala ao que corresponden as prazas obxecto desta convocatoria nos cinco anos anteriores ao da publicación desta convocatoria. Neste caso, deberán comunicarllo á Presidencia do Parlamento. Cando se produza esta situación, e consecuentemente a vacante dun membro do tribunal titular, o seu suplente cubrirá o devandito posto e a Presidencia designará un novo suplente.

A presidenta ou o presidente, na sesión de constitución do tribunal, solicitará dos membros do tribunal a declaración expresa de non encontrarse incurso nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou na prevista nas presentes bases.

5.3. Constitución e actuación

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da maioría dos seus membros, e será necesaria en todo caso a presenza do presidente ou da presidenta e do secretario ou da secretaria.

As decisións adoptaranse por maioría dos presentes.

Por cada sesión do tribunal levantarase acta, coa sinatura do secretario ou secretaria e o visto e prace do presidente ou presidenta.

En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Será nula de pleno dereito calquera proposta de aprobados que o contraveña.

Sexta. Proceso de selección

O proceso de selección será o de concurso-oposición.

6.1. Fase de oposición

Os temas que rexerán as probas selectivas serán os publicados como anexo II ás presentes bases.

6.1.1. Exercicios

Primeiro exercicio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 50 preguntas referido ao temario que se inclúe nesta convocatoria, 15 do bloque I e 35 do bloque II. O cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, das cales só unha delas será correcta.

No test poderán poñerse ata cinco preguntas máis de reserva para o caso de que se anule algunha das mencionadas anteriormente. Por cada pregunta incorrecta non se descontará ningunha resposta correcta. O tempo máximo de duración desta proba será dunha hora e valorarase de 0 a 20 puntos.

Segundo exercicio. Terá dúas partes diferenciadas:

Primeira. Desenvolver por escrito, durante un tempo máximo de dúas horas, dous temas do bloque II, do anexo II, que se elixirán entre catro sacados por sorteo polo tribunal.

Esta proba valorarase de 0 a 20 puntos. Correspóndelle ao tribunal determinar a súa puntuación atendendo aos coñecementos, á claridade, á orde de ideas e á calidade da expresión escrita.

Segunda. Resolución dun suposto práctico relativo aos traballos propios de bibliotecas, documentación e arquivos, que en todo caso deberá permitir apreciar a suficiencia dos/das opositores/as en relación coa información bibliográfica e documental e coa organización e xestión de servizos bibliotecarios, documentais e arquivísticos, en especial en materias xurídico-políticas. Para a realización deste exercicio os opositores poderán dispoñer de cantos medios, incluído o acceso á web, estimen oportunos. O tempo para a realización deste exercicio será de tres horas. Esta proba valorarase de 0 a 20 puntos.

Terceiro exercicio. Consistirá na realización de dúas traducións, unha do castelán para o galego e outra do galego para o castelán, durante o prazo máximo dunha hora.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto. Están exentos da realización deste terceiro exercicio os/as aspirantes que acrediten a posesión do Celga 4, o curso de perfeccionamento de coñe-

cemento da lingua galega ou a correspondente validación expedida polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

As cualificacións de cada un dos exercicios publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios da Cámara.

A cualificación final da oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos diferentes exercicios.

Para superar a fase da oposición será preciso acadar, polo menos, 30 puntos nos exercicios obrigatorios e ter, de ser o caso, a cualificación de apto no terceiro exercicio.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixidos para acadar esta puntuación mínima.

6.1.2. Unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, a puntuación da fase de oposición publicárase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es). Concederáse, a partir dese momento, un prazo de dez días para que os/as aspirantes fagan ante o tribunal as alegacións que estimen oportunas.

6.1.3. Os/as aspirantes deberán presentarse, para a realización de cada exercicio, provistos/as do documento nacional de identidade ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán levar bolígrafo azul ou negro.

6.1.4. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia cá dos/das aspirantes, membros do tribunal e os/as colaboradores/as designados/as por este.

6.1.5. Os/as aspirantes non poderán acudir ao recinto do exame provistos de teléfono móbil, obxectos ou demais dispositivos de carácter electrónico.

6.2. Fase de concurso

6.2.1 A fase de concurso consistirá en valorarlles aos/as aspirantes que superen a fase de oposición os seguintes méritos:

a) Antigüidade, ata un máximo de 6 puntos:

1. Por servizos prestados como funcionario de carreira do grupo B da Administración parlamentaria, 0,019 puntos/mes. Para estes efectos, considérase servizo prestado o tempo de gozo de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares.

2. Por servizos prestados como funcionario de carreira do grupo B doutras administracións públicas: 0,010 puntos/mes. Para estes efectos, considérase servizo prestado o tempo de gozo de excedencia por coidado de fillos/as e familiares.

b) Traballo desenvolvido na Administración parlamentaria en anteriores postos en materias relacionadas co posto ao que opta, ata un máximo de 2 puntos; 0,010 puntos por mes.

c) Grao persoal consolidado, ata un máximo de 2 puntos, do seguinte xeito:

- Nivel 20: 0,80 puntos.
- Por cada unidade máis: 0,20 puntos.

d) Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, ata un máximo de 0,5 puntos:

- Licenza de maternidade: 0,20 puntos/licenza.
- Permiso de paternidade: 0,20 puntos/permiso.
- Redución de xornada, prevista no artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia: 0,20 puntos. Para estes efectos, só se computará unha redución por ano.
- Excedencia para o coidado de fillos/as e familiares: 0,04 puntos/mes.

e) Formación: ata un máximo de 2,5 puntos:

Pola realización de cursos de formación impartidos por escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que neste último caso os cursos contén cunha homologación oficial.

Para estes efectos valoraranse os cursos realizados sobre biblioteconomía, documentación, arquivos, procedemento administrativo, contratación administrativa, xestión administrativa, persoal, igualdade, dereito sancionador, responsabilidade patrimonial, linguaxe administrativa, informática, lingua galega, idiomas oficiais da Unión Europea e calquera outra materia relacionada coas funcións propias destes postos de traballo.

A valoración dos cursos farase de acordo cos seguintes criterios:

- Por cada curso igual ou superior a 12 horas lectivas e ata 39 horas lectivas: 0,30 puntos por curso.
- Por cada curso igual ou superior a 40 horas lectivas e ata 74 horas lectivas: 0,50 puntos por curso.
- Por cada curso igual ou superior a 75 horas lectivas: 1 punto por curso.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración, nin os cursos inferiores a 12 horas lectivas, nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

6.2.2. A puntuación máxima da fase de concurso será de 12 puntos.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar a fase da oposición.

6.2.3. A experiencia alegada nos puntos anteriores deberase referir á data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

6.2.4. As puntuacións obtidas na fase de concurso faranse públicas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, no taboleiro de anuncios do Parlamento de Galicia e na páxina web do Parlamento de Galicia, con posterioridade á publicación das cualificacións do último exercicio da fase de oposición, no caso de ter que se realizar este.

6.2.5. Os méritos a que se refire o punto 6.2.1.a) deberán xuntarse á instancia e acreditarse coa seguinte documentación:

1. No caso de servizos prestados no Parlamento de Galicia, certificación da unidade administrativa do Parlamento de Galicia competente en materia de recursos humanos.

2. No caso de servizos prestados noutras administracións públicas, mediante certificación da unidade de persoal do organismo correspondente.

Xunto co certificado achegarase a documentación acreditativa debidamente compulsada dos méritos nel reflectidos, entre a que se atopará o nomeamento como persoal funcionario, como interino ou como contratado administrativo, ou o contrato laboral.

Non se terán en conta as certificacións que non se axusten ao establecido neste punto, ou as que, en calquera caso, non xunten a documentación acreditativa dos méritos reflectidos na certificación.

6.2.6. Os méritos a que se refire o punto 6.2.1.b) deberán manifestarse e acreditarse mediante certificación expedida pola xefatura da unidade administrativa correspondente, e os méritos aos que se refiren os puntos 6.2.1.c) e 6.2.1.d) deberán manifestarse na solicitude e acreditaranse mediante certificación expedida pola unidade administrativa competente en materia de recursos humanos do Parlamento de Galicia.

6.2.7. Os méritos a que se refire o punto 6.2.1.e) deberán xuntarse á instancia e acreditaranse mediante copia compulsada do título ou diploma acreditativo.

Os/as aspirantes dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da relación provisional, para efectuar ante o tribunal as alegacións que coiden oportunas respecto da puntuación outorgada na fase de concurso.

Sétima. Desenvolvemento dos exercicios

7.1. Os exercicios distribuiranse en galego. Non obstante, tamén se lles distribuirán en castelán aos/ás aspirantes que así o soliciten.

7.2. En calquera momento os/as aspirantes poderán ser requiridos/as polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

7.3. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal ten coñecemento de que algún ou algunha aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, logo da audiencia do interesado/a, deberá acordar a súa exclusión, se procede.

7.4. Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio nun único chamamento, e será excluído da oposición quen non compareza.

7.5. A publicación do anuncio de realización do segundo e sucesivos exercicios será efectuada polo tribunal na páxina web do Parlamento de Galicia con corenta e oito horas polo menos de antelación á sinalada para a súa iniciación.

Oitava. Lista de aprobados

Rematadas as probas, o tribunal sumará os resultados obtidos por cada aspirante nas fases de concurso e oposición, que serán publicados no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e elevaralle á Mesa do Parlamento proposta en favor do/a aspirante que obtivese a maior puntuación.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, resolverase a favor do/a aspirante que obtivese a puntuación máis alta no primeiro exercicio (fase de oposición). De continuar o empate, resolverase acudindo á puntuación obtida na fase de concurso. Se persiste o empate, resolverase por orde alfabética do primeiro apelido, e, de ser igual, polo segundo, a partir da letra resultante do sorteo, I (i latino), consonte a resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 21 de xullo de 2017.

Novena. Presentación de documentos

8.1. O/a aspirante que supere o proceso selectivo deberá presentar, sempre que non conste na Administración parlamentaria, ante a Presidencia do Parlamento, no prazo de vinte días naturais desde que se faga público o acordo de aprobación pola Mesa do Parlamento de Galicia, a fotocopia compulsada do título exixido na base 2.1.b) ou a certificación académica, co xustificante do aboamento dos dereitos de expedición do título.

8.2. Se dentro do prazo fixado, e agás os casos de forza maior libremente apreciados polo letrado oficial maior, non presenta a documentación, ou se do exame dela se deduce que carece dalgún dos requisitos sinalados na base segunda, non poderá ser promocionado e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que poida incorrer por falsidade na solicitude inicial.

Décima. Nomeamento

Unha vez presentados os documentos, de ser o caso, aos que fai referencia a base anterior, a Presidencia procederá ao nomeamento do aspirante que superase o proceso selectivo como persoal funcionario da escala superior de documentación do Parlamento de Galicia, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*. Deberá tomar posesión do seu posto dentro do prazo dun mes desde a notificación do nomeamento.

Décimo primeira. Cláusula derradeira

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia, no prazo dun mes, contado desde o

día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

ANEXO I

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESO SELECTIVO

Selo do Rexistro

DENOMINACIÓN DA PRAZA: praza da escala superior de documentación

Datos persoais:

<i>Primeiro apelido</i>		<i>Segundo apelido</i>	
<i>Nome</i>	<i>DNI</i>		
<i>Concello</i>		<i>Provincia</i>	<i>Nacionalidade</i>
<i>Enderezo (rúa, praza, número)</i>		<i>Localidade</i>	<i>Código postal</i>
<i>Provincia</i>	<i>Teléfono 1</i>		<i>Teléfono 2</i>
<i>Correo electrónico:</i>			

<i>Discapacidade:%</i>	<i>Adaptación:</i>
------------------------	--------------------

Antigüidade e traballo desenvolvido

<i>Denominación do posto</i>	<i>Administración /unidade administrativa</i>	<i>Grupo</i>	<i>Nivel</i>	<i>Desde</i>	<i>Ata</i>

Grao persoal consolidado

Exercicio de dereitos de conciliación:

<i>Tipo de licenza, permiso, redución ou excedencia</i>	<i>Desde</i>	<i>Ata</i>

Formación:

<i>Título do curso</i>	<i>Horas</i>	<i>Centro de expedición</i>

A persoa que asina **SOLICITA** ser admitida no proceso selectivo a que fai referencia esta solicitude e **DECLARA** que son certos os datos consignados nela e que reúne as condicións exixidas para o ingreso na escala superior de documentación do Parlamento de Galicia e as especialmente sinaladas na convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

(En cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os seus datos persoais serán incorporados a un ficheiro do que será titular o centro xestor do proceso de selección e de que poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o precitado centro.)

Santiago de Compostela, dede 2017

(Sinatura)

ANEXO II

BLOQUE I

1. Constitución española, do 27 de decembro de 1978.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia.
3. Regulamento do Parlamento de Galicia.
4. Acordos interpretativos e normas complementarias do Regulamento do Parlamento de Galicia.
5. Organización e funcionamento: Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia.
6. Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.
7. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
8. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
9. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
10. Regulamento da Cámara para a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na actividade parlamentaria (Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 8 de maio de 2006). Normas de creación da sede electrónica e de regulación da xestión electrónica no Parlamento (Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 20 de marzo de 2017).
11. Lei 19/2013, do 9 decembro, de transparencia, acceso á información pública e do bo goberno. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
12. Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia. Lei 23/2006, do 7 de xullo, pola que se modifica o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual. Lei 21/2014, do 4 de novembro, pola que se modifica o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual (artigo primeiro).
13. Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal: disposicións xerais, principios da protección de datos, dereitos das persoas e Axencia de Protección de Datos (títulos I, II, III e VI).
14. Normas para a regulación e protección dos datos de carácter persoal existentes no Parlamento de Galicia (Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 21 de marzo de 2012; Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 11 de abril de 2014).

15. Decreto 43/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia do depósito legal. Lei 23/2011, do 29 de xullo, de depósito legal. Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia.
16. Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia. Decreto 190/2013, do 19 de decembro, polo que se regula a composición e funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.
17. Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro, polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia e o procedemento de avaliación e selección de documentos.
18. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
19. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Título preliminar e títulos I, II e IV.
20. A cooperación parlamentaria dos parlamentos autonómicos: CALRE, a súa función e regulamento; Coprepa, a súa función e regulamento.
21. Tratado da Unión Europea e Tratado Constitutivo da Comunidade Europea: disposicións comúns, disposicións sobre os principios democráticos, disposicións sobre as institucións.
22. Tratado de Funcionamento da Unión Europea: primeira parte, segunda parte e capítulos 1, 2 e 3 do título I da sexta parte.
23. Principio de subsidiariedade na elaboración da normativa da UE. Protocolo nº2 sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade.
24. Protocolo nº 1 sobre as tarefas dos parlamentos nacionais na Unión Europea.

BLOQUE II

1. Plataformas e sistemas electrónicos de xestión de arquivos. Características e prestacións.
2. Arquivo único electrónico. Seguridade. Interoperabilidade.
3. Dixitalización de documentos. Formatos de preservación e de difusión. Normativas e estándares.
4. Normativas de descrición arquivística. A Norma galega Nogada.
5. A difusión de arquivos en web. Deseño e prestacións de portais e de busca.
6. Linguaxes de marcado e metadatos en arquivos.

7. Xestión automatizada dos arquivos parlamentarios.
8. Novos sistemas de xestión de bibliotecas sobre protocolos html. Principais innovacións e tendencias de desenvolvemento. Bibliotecas e OPACs 2.0.
9. Xestión dos recursos electrónicos en bibliotecas: bibliotecas virtuais e dixitais e bibliotecas «híbridas».
10. Libros electrónicos en bibliotecas. Acceso. Difusión. Xestión do préstamo. Plataformas de préstamo e de lectura en liña.
11. Novos formatos de descrición bibliográfica. FRBR, FRAD, RDA.
12. Linguaxes de marcado e aplicacións para bibliotecas, arquivos, centros de documentación: SGML, HTML, XML, XML/RDF, OWL e outros.
13. Interoperabilidade e estándares de intercambio de información documental e bibliográfica: TCP/IP, HTTP, Z39.50, SRU, OAI, Metadata Harvesting Protocol, Open URL, LOD (Linked Open Data).
14. Esquemas de metadatos. METS. Dublin Core.
15. Xestores documentais e sistemas de xestión de contidos en plataformas web.
16. Xestión automatizada de tesauros e sistemas de clasificación. Norma ISO 25964. Ontoloxías. SKOS (Simple Knowledge Organization System). Web semántica en relación coa documentación e coas bibliotecas.
17. O tesouro EUROVOC.
18. Principais proxectos de normalización e interoperabilidade no ámbito lexislativo e parlamentario. O Identificador Europeo de Lexislación.
19. Principais bases de datos e plataformas de información lexislativa do Estado e das comunidades autónomas.
20. Principais bases de datos, plataformas e fontes de información sobre información xudicial e xurisprudencia en España.
21. Principais fontes de información sobre lexislación estranxeira, especialmente de países europeos.
22. Principais bases de datos, plataformas e fontes de información sobre a actividade parlamentaria en España.
23. Fontes de información administrativa, lexislativa e da acción do goberno a nivel galego.
24. Principais fontes de información de e sobre a Unión Europea.

25. Principais bases de datos e fontes de información bibliográfica no ámbito xurídico na internet.
26. Principais bases de datos e fontes de información bibliográfica sobre análise e políticas económicas na internet.
27. Principais bases de datos e fontes de información bibliográfica nos ámbitos da actividade política e das ciencias sociais na internet.
28. Outras fontes de información. Buscadores especializados. Repositorios. Portais institucionais. Portais de transparencia.
29. Principais fontes de información estatística de ámbito estatal e galego na internet.
30. Uso das tecnoloxías electrónicas (*email*, plataformas de intercambio de ficheiros, intranets,..) no traballo documental.
31. As redes sociais como ferramenta de difusión da información parlamentaria.
32. Aplicacións e plataformas para a elaboración e difusión na web de produtos e boletíns de información documental e bibliográfica.
33. Xestión e administración de bibliotecas e centros de documentación. Planificación estratéxica.
34. Xestión de calidade e avaliación en arquivos, bibliotecas e servizos de información documental.
35. Deontoloxía profesional dos arquivistas, bibliotecarios e documentalistas. Principais «códigos» e recomendacións.
36. Estatísticas en bibliotecas.
37. Directrices para bibliotecas, arquivos e servizos de información parlamentarios.
38. A colaboración no ámbito documental parlamentario no Estado español. Red Parla. O Grupo Español da Sección de Arquivos e arquivistas parlamentarios do CIA.
39. As webs parlamentarias. Características. Boas prácticas. Recomendacións. Situación actual e perspectivas de desenvolvemento. A web do Parlamento de Galicia.

O contido do temario para todos os exercicios da oposición axustarase á normativa publicada no *Boletín Oficial del Estado* ou no *Diario oficial de Galicia* á data de publicación da presente convocatoria, aínda cando non entrase en vigor.

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA OU PROMESA

D./D^a, con documento nacional de identidade número.....

Declara baixo xuramento / promete, para os efectos de participar no proceso selectivo da escala superior de documentación, que non foi separado/a do servizo de ningunha das administracións públicas e que non está inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. Así mesmo, declara que non padece enfermidade ou discapacidade que lle impida o desempeño das correspondentes funcións do posto e que son certos todos os datos achegados respecto deste proceso selectivo.

.....,dede 2017

Á Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez, Martín Fernández Prado e Diego Calvo Pouso, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Nos últimos tempos, foron numerosos os debates parlamentarios en torno ao coñecido como Pazo de Meirás, situado no concello coruñés de Sada e que, na actualidade, pertence herdeiros legais de Francisco Franco.

Na sesión plenaria, celebrada na última semana do pasado mes de setembro, a Cámara galega adoptou, con 38 votos a favor e ningún en contra, un acordo parlamentario en relación coa posibilidade de recuperar para o patrimonio público este inmovible, declarado Ben de Interese Cultural (BIC).

En concreto, instouse ao Goberno galego a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, para analizar a posibilidade e os mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade do coñecido Pazo, e sen que a dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para o pobo de Galicia.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué pasos ten dado a Xunta de Galicia para dar cumprimento ao devandito acordo parlamentario para o estudo xurídico sobre a reversión da propiedade do Pazo de Meirás?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 30/11/2017 12:43:52

Maria Antón Vilasánchez na data 30/11/2017 12:43:56

Teresa Egerique Mosquera na data 30/11/2017 12:44:03

Carlos Gómez Salgado na data 30/11/2017 12:44:15

Carlos Enrique López Crespo na data 30/11/2017 12:44:23

Antonio Mouriño Villar na data 30/11/2017 12:44:33

Moisés Rodríguez Pérez na data 30/11/2017 12:44:41

Martín Fernández Prado na data 30/11/2017 12:44:50

Diego Calvo Pouso na data 30/11/2017 12:44:59

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Trazo é un concello limítrofe con Santiago de Compostela, ten 3.190 habitantes (IGE 2016), e conta con dous centros de saúde atendidos por un/a facultativo/a en cada un dos centros, Agro do Mestre e Viaño Pequeno, que están separados por 5,5 km., está a sufrir os efectos dunha fenda que cada vez se fai máis grande entre o rural e o urbano en canto a prestación de servizos. Servizos que ata non hai moito tempo viñan funcionado con regularidade. Nestes recortes ou minoración de servizos non se ten en conta os contratemplos que ocasionan á súa cidadanía que cada día se sente máis estrangulada e indefensa ante situacións coma estas.

No centro de saúde de Agro do Mestre prestaba atención sanitaria un médico que se pre-xubilou, polo que a praza estivo cuberta en interinidade ata o pasado mes, no que a facultativa que ten a dita praza se incorporou a ela con redución de xornada, pasando consulta de 8.00 a 10.40h, é dicir, dúas horas e corenta minutos para atención sanitaria.

Isto implica que os/as pacientes deste centro de saúde, sobre 1.500, teñan que esperar catro ou cinco días laborais para unha cita co seu médico de cabeceira.

A única solución proposta foi a derivación ao outro centro de saúde do concello no que o médico pode atender a un número moi limitado de pacientes do Agro do Mestre.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Na “lexislatura do rural”, cando vai solucionar a Xunta de Galicia esta carencia tan importante para a poboación do concello de Trazo?



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/11/2017 10:10:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/11/2017 10:10:48

Julio Torrado Quintela na data 24/11/2017 10:10:56

Noela Blanco Rodríguez na data 24/11/2017 10:11:02

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos preguntar polas razas autóctonas galegas avícola, ovica/cabrúa, bovina, equina e porcina. O feito de ter razas autóctonas é importantísimo para o noso rural xa que aporta unha valor engadido a eses produtos no momento da súa comercialización.

En Galicia, contamos con 10 razas autóctonas das especies nomeadas anteriormente que son a galiña de Mos, a ovella galega, a vaca cachena, a vaca caldelá, a vaca frieiresa, a vaca limiá, a vaca vianes, a vaca rubia galega, o cabalo pura raza galega e o porco celta.

No senso de potenciar as razas autóctonas ten unha vital importancia a xenética para seguir avanzando e mellorando a cabana gandeira da nosa comunidade e, polo tanto, tamén a das razas autóctonas. Así, é necesario destacar e por en valor o traballo que está a realizar Xenética Fontao para a mellora xenética das razas autóctonas galegas.

Por outra banda, tamén queremos poñer de relevancia as axudas que a Xunta de Galicia está a conceder aos gandeiros e a colaboración da administración autonómica coas asociacións que defenden e loitan polas razas autóctonas.

É un compromiso que este grupo adquiriu ante a cidadanía galega a través do programa electoral co que obtivo a súa confianza maioritaria en setembro de 2016, no que se recollía expresamente que *“Continuaremos co fomento do emprego das razas*

autóctonas, tratando de incrementar os seus censos, seguir a valorizalas como sistema de produción diferenciada fomentando o seu uso comercial como vía de subsistencia das ganderías e promovendo os produtos obtidos”.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que está a facer a Xunta de Galicia para acadar un incremento dos censos das razas autóctonas galegas?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 24/11/2017 12:32:26

José González Vázquez na data 24/11/2017 12:32:39

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/11/2017 12:32:48

Raquel Arias Rodríguez na data 24/11/2017 12:32:56

Silvestre Balseiros Guinarte na data 24/11/2017 12:33:04

Moisés Blanco Paradelo na data 24/11/2017 12:33:11

Carlos Gómez Salgado na data 24/11/2017 12:33:17

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos interesarnos polo sector agrario galego e querémolo facer desde o punto de vista da transformación, pilar fundamental para garantir o futuro da gandería como sector prioritario para a economía galega e, así, avanzar e apostar decididamente no noso rural.

Así, a transformación dos produtos agrarios é un dos eixos fundamentais para crear postos de traballo no rural e, polo tanto, garante a viabilidade para que se poda vivir do mesmo.

Hoxe en día podemos falar de industrias producindo gran cantidade de leite cunha calidade excepcional para a súa venta en líquido pero nós temos como obxectivo seguir a impulsar a transformación en derivados lácteos.

Pero tamén é fundamental a transformación dos produtos cárnicos, a viticultura e os produtos da horta galega.

Polo tanto, desde este Grupo Parlamentario estamos a interesarnos pola transformación dos produtos agrarios galegos desde unha perspectiva global.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia das axudas a proxectos de transformación de produtos agrarios concedidas nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 24/11/2017 12:35:39

José González Vázquez na data 24/11/2017 12:35:50

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/11/2017 12:35:58

Raquel Arias Rodríguez na data 24/11/2017 12:36:05

Silvestre Balseiros Guinarte na data 24/11/2017 12:36:12

Moisés Blanco Paradelo na data 24/11/2017 12:36:18

Carlos Gómez Salgado na data 24/11/2017 12:36:26

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Dende mediados do ano 2016 Galicia está a sufrir unha preocupante seca. As dúas demarcacións hidrográficas (Galicia-Costa e Miño-Sil) están en prealerta, estado que se activa cando os indicadores descenden moi por baixo dos valores medios históricos, polo que é convinte extremar o control.

No caso da demarcación Galicia-Costa, falamos da xestión competencia da Xunta de Galicia. No caso da maior cidade de Galicia en termos demográficos, case 300.000 habitantes, a situación é grave. Os encoros de Vigo teñen auga para pouco máis de dous meses, e o concello vén de anunciar que será necesario activar en poucos días a fase de "escaseza severa" do plan de emerxencias municipal para situacións de seca.

O encoro de Eiras atópase ao 35,4 % da súa capacidade, e o de Zamáns está ao 36,7 %. Resulta polo tanto imprescindible, segundo as persoas técnicas municipais establecer o caudal ecolóxico de 150 litros/segundo fronte aos 595 litros/segundo que actualmente están verténdose ao mar.

O concello de Vigo e os concellos da súa área urbana, xa están facendo un aforro excepcional de auga. Dende 2011, Vigo reduciu o seu consumo nun 13 %, mentres que en outubro e o que vai de novembro, o aforro é de mais do 7 %.

Lamentablemente, esta políticas de aforro, non teñen a contrapartida necesaria na actuación da Administración autonómica. A Xunta de Galicia non ten aceptado reducir o caudal ecolóxico, nin ten acometido actuacións como a construción dun "azud" (transvase). Estase tirando auga ao mar, en lugar de aumentar as aportacións ao encoro de Eiras.

Na opinión dos técnicos municipais, a Xunta de Galicia toma decisións que empeoran unha situación xa de por si complicada, cunha actuación negligente, xa que o caudal ecolóxico do encoro de Eiras foi incrementado

Grupo Parlamentario

no pasado mes de outubro, a pesar da petición do Concello de Vigo de reduci-lo.

A desigualdade de trato é evidente fronte a outros núcleos urbanos de Galicia, dende o “azud” que se vén solicitando para aumentar a capacidade de almacenamento do encoro de Eiras, cuestión a que a Xunta de Galicia non acaba de dar resposta, así como a modificación do caudal ecolóxico.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que estudos de carácter técnico ten desenvolvido a Xunta de Galicia para garantir o subministro de auga aos núcleos urbanos de Galicia?
2. A que conclusións chegan eses estudos?
3. Estando aplicando esas conclusións as distintas cidades de Galicia?
4. Estando tendo en conta as solicitudes dos gobernos municipais á hora de garantir o subministro de auga ás cidades?
5. Que medidas xerais pensa adoptar a Xunta de Galicia para os núcleos urbanos afectados pola situación da seca que está a padecer Galicia?
6. Que medidas específicas pensa adoptar a Xunta de Galicia ante a situación de alerta pola seca que está a padecer Vigo e a súa área urbana?
7. Considera a Xunta de Galicia que o trato ante as situacións de seca que sofren as diferentes cidades está sendo xusto e igualitario?

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/11/2017 13:40:50

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/11/2017 13:40:57

Raúl Fernández Fernández na data 24/11/2017 13:41:02

María Luisa Pierres López na data 24/11/2017 13:41:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Pierres López, María Dolores Toja Suárez, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para** a súa resposta **oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A asociación Fademur vén de publicar unha enquisa sobre a percepción da sociedade galega sobre a realidade das mulleres rurais galegas, especialmente sobre a incidencia da violencia de xénero no ámbito rural.

Son moitos os datos reveladores na mesma. Pero hai un que se pode entender como preocupante, especialmente polo que implica na planificación das campañas, medidas e accións de prevención contra a violencia de xénero.

Ao seren consultadas, un 45 % das persoas responden erroneamente cando se lles pregunta que é a violencia de xénero. Só o 55 % ten claro o concepto de "violencia de xénero", considerándoa como "aquela violencia física, sexual o psicolóxica cara homes e mulleres exercida polas súas parellas ou ex parellas".

Esta falta de comprensión do concepto, significa que algo se está facendo mal nas campañas ou programas de información sobre a violencia, especialmente cando non se entende que os homes son tamén vítimas da violencia, e que isto non é só un problema de mulleres.

Así mesmo un 61,81 % das mulleres do rural din que no seu entorno non hai informacións para abordar o tratamento da violencia de xénero.

Seis de cada dez mulleres din non coñecer ningún tipo de campaña sobre violencia de xénero.

Grupo Parlamentario

Respecto á pregunta sobre os actos que consideran como violencia de xénero, chama a atención como a prostitución non está considerada como tal por un 40 %.

Tendo en conta estes datos e moitos outros que se reflicten na enquisa, e que amosan porcentaxes significativas de xente que segue a ter conceptos errados sobre o que é e non violencia de xénero, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten cuantificado o Goberno o índice de coñecemento por parte da cidadanía galega das campañas de concienciación sobre a Violencia de Xénero que se teñen presentado nos últimos tres anos? Cales son os métodos empregados para medir o éxito ou fracaso da incidencia dunha campaña de información ou sensibilización social?
2. Considera que é preciso orientar as campañas en cada momento a apuntalar aqueles conceptos básicos sobre a violencia que se detecten socialmente mal entendidos?
3. Considera que os datos que arroxa a enquisa de Fademur e que fai referencia ao maior descoñecemento das campañas sobre a violencia por parte das mulleres rurais, corresponden coa realidade?
4. Comparte a idea de que a difusión das campañas en todo caso teñen que acadar maior difusión da actual nos núcleos habitacionais máis pequenos como son as aldeas?
5. Existe actualmente algún tipo de formación específica sobre violencia de xénero entre o profesorado e alumnado centrada en traballar para erradicar a notable tolerancia entre certas formas de violencia de xénero?

Grupo Parlamentario

6. Entende o Goberno galego que é preciso incrementar as campañas de sensibilización e concienciación específicas que teñan en conta as peculiaridades do rural involucrando ós servizos sociais mais próximos ás mulleres así como a todos os movementos asociativos presentes no rural?

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 24/11/2017 13:54:06

María Dolores Toja Suárez na data 24/11/2017 13:54:11

José Antonio Quiroga Díaz na data 24/11/2017 13:54:16

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/11/2017 13:54:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/11/2017 13:54:27

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/11/2017 13:54:32

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/11/2017 13:54:37

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**.

A temporalidade afecta ao 40% dos traballadores/as do SPDCIF e non se convoca ningunha Oferta de Emprego Público (OPE) desde o ano 2003, malia as organizacións sindicais e a Xunta de Galiza ter asinado un acordo, en setembro do pasado ano, polo que a administración se comprometía a destinar o 20% das prazas de emprego público.

Xunto a isto, chama a atención sobre o feito de que do total do persoal, que conforma o SPDCIF, só 800 traballadores/as teñen contrato os doce meses do ano (e moitos deles tamén son interinos); 600 traballan 9 meses e un total de 436, só durante 3 meses, polo que non teñen dereito sequera a unha prestación por desemprego. Unha situación que provoca unha enorme inseguridade laboral e desprotección.

Os lumes prenden nas épocas de máis calor, pero apáganse durante todo o ano, invertendo en políticas de prevención, de ordenación do territorio, de coidado dos nosos montes e da nosa terra.

O día 30 de novembro, 626 bombeiros forestais serán botados para a casa, aos que temos que sumarlle 436 que xa o fixeron fai uns días. Todo isto acontece namentres a día de hoxe, 24 de novembro, van ardidias máis de 120 hc no Concello de O Bolo chegando a poboacións, e 20 no norte de Lugo, concretamente no Concello de Ribadeo.

É que non aprendemos nada do acontecido na fin de semana negra de outubro?

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1ª) Cando pensa a Xunta de Galicia facer a prevención si mil bombeiros forestais serán despedidos o 30 de novembro?

2.ª) Como pensa a Xunta de Galicia facer fronte aos lumes que poidan vir a partir de decembro se continúa a época de seca que estamos a padecer?

Santiago de Compostela, a 24 de novembro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 24/11/2017 14:06:59



Paula Quinteiro Araújo na data 24/11/2017 14:07:04



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as denuncias do cadro de persoal do Hospital comarcal de Monforte en relación ao estado da infraestrutura e a falta de persoal de enfermaría.

Persoal de enfermaría do Hospital comarcal de Monforte denunciou estar “desbordado” polas condicións de traballo nas que se atopan debido, sobre todo, á falta de persoal e material.

Sinalan que nas plantas de Medicina Interna (Medicina Interna e Neumoloxía) e de Especialidades (Neuroloxía, CardioloXía, Medicina Interna, EndocrinoloXía, DermatoloXía e Unidade de Dor) o mobiliario atópase obsoleto e mesmo non contan con cuartos de baño adaptados ás necesidades das e dos doentes.

O persoal de enfermaría asegura que pola falta de medios teñen que priorizar unhas tarefas sobre outras e que iso está a minorizar a calidade do servizo prestado até o punto de reverter directamente na saúde das persoas ingresadas no hospital.

A denuncia desta situación por parte do cadro de persoal do Hospital comarcal de Monforte non é nova, como tampouco que a voz das traballadoras e traballadores sexa trasladada a esta Cámara. Unha situación que, temen, empeore de se aprobar a reforma da Lei de Saúde de Galiza proposta polo Goberno da Xunta.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20720
Data envío: 24/11/2017 14:25:17.485

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Como valora o Goberno galego a situación na que se atopa o Hospital comarcal de Monforte?

- Coida a Xunta de Galiza que os medios cos que conta o hospital son suficientes para atender de maneira acaída as persoas usuarias?

- Cre o Goberno galego que o estado das infraestruturas no hospital de Monforte serve para atender de maneira acaída as persoas usuarias?

- Pensa adoptar a Consellaría de Sanidade algunha medida para atender as demandas do cadro de persoal do Hospital de Monforte?

- Prevé na Oferta Pública de Emprego para 2018 ampliar os recursos humanos dos que dispón este centro hospitalario?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20720

Data envío: 24/11/2017 14:25:17.485

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/11/2017 14:19:44

María Montserrat Prado Cores na data 24/11/2017 14:19:49

Ana Pontón Mondelo na data 24/11/2017 14:19:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/11/2017 14:19:52

Noa Presas Bergantiños na data 24/11/2017 14:19:54

Xosé Luis Bará Torres na data 24/11/2017 14:19:55



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á posíbel instalación dunha Planta de Almacenaxe e pretratamento de Aceites industriais e Hidrocarburos no Peirao de Oza da Coruña.

Con data de 23 de outubro de 2017 publícase no DOG (núm. 201) anuncio de 29 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental da Planta de recepción e pretratamiento de residuos xerados por buques, no Concello da Coruña, promovido por Limpeza Marítima de Óleos, S.L.U. Limpoil (clave do proxecto 2015/0167).

Tal e como se reflicte na propia resolución, así como no estudo de impacto simplificado obxecto da mesma, a planta terá unha capacidade máxima de xestión de refugallos de 4.000 toneladas ao ano, cunha capacidade máxima de tratamento de 26.280 m³/ano, dos que se espera extraer mil toneladas ao ano de augas residuais, e estará composta por: dous tanques de 65.000 litros para a almacenaxe, nun deles para almacenaxe “de residuos MARPOL con mestura non emulsionada sometidos a pretratamento”, e o outro para a almacenaxe de “residuos MARPOL formados con mestura emulsionada”; un tanque de capacidade de 28.000 litros para almacenaxe de aceite; e un cuarto tanque de 30.000 litros para funcións auxiliares.

A autorización da instalación desta planta de almacenaxe e pretratamento de aceites industriais e hidrocarburos no Peirao de Oza da Coruña asemella outra das



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:38
Nº Rexistro: 20734
Data envío: 27/11/2017 11:38:49.659

actuación sen sentido ás que nos ten afeita a Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación Territorial, amosando, asemade, o seu total desprezo para co medio ambiente nunha contorna constantemente agredido como é a bocana da Ría do Burgo.

A instalación prevese nunha localización a menos de 500 metros de bancos de produción marisqueira, ao carón de sendas praias (Oza, Santa Cristina e Bastiagueiro), ao carón dun complexo náutico deportivo, dentro do conxunto urbano do barrio de Oza, asiduamente atacado por ser a zona dos peiraos da Coruña onde se teñen desenvolto actividades altamente contaminantes, causantes dunha contrastada polución medioambiental, como descargas de carbón e outros materiais, e por existir desaugues ou canalizacións que teñen producido filtracións e verteduras de hidrocarburos.

Por outra banda, o Concello da Coruña, no informe técnico do Departamento de Xestión Enerxética e Residuos Urbanos, recollendo as indicacións da Ordenanza Municipal de Vertidos e do Servizo Municipal de Saneamento, emitido a solicitude da propia Consellaría, considerou que este proxecto “pode causar impactos ambientais significativos e que se trata (precisamente) dunha zona de sensibilidade especial”, polo que establecía medidas adicionais a considerar antes da aprobación do proxecto, tales como que “debería ser obxecto dunha avaliación ambiental ordinaria (e non simplificada).

E aínda que, como se recolle na exposición de motivos da resolución, o proxecto final incorpora modificacións, o feito real é que a resolución fundaméntase en base un estudo de impacto ambiental simplificado, sen atender, minimamente, á necesidade de observar polo miúdo a implicación integral e real na contorna da zona de acordo as especificacións e consideracións que un estudo ordinario si que garantiría.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Podería xustificar a Xunta de Galiza a proposta de construción desta Planta de almacenaxe e pretratamento de Aceites industriais e Hidrocarburos?

-A Xunta de Galiza non cre que a zona onde se ten previsto construír esta Planta é totalmente inapropiada e pode supoñer un impacto medioambiental irreversible para unha zona xa degradada e á espera dunha rexeneración demandada desde hai anos?

-A Xunta de Galiza cre que esta é maneira de apostar pola rexeneración da Ría do Burgo?

-Podería explicar a Xunta de Galiza por que se ten realizado este Estudo de Impacto Ambiental Simplificado para un proxecto destas características?

-Ante a oposición veciñal xa amosada, tanto por entidades e asociacións así como particulares e outras administracións, a Xunta de Galiza pretende seguir adiante coa execución do Proxecto?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 11:38
Nº Rexistro: 20734
Data envío: 27/11/2017 11:38:49.659

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2017 11:33:16

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2017 11:33:22

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 11:33:24

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2017 11:33:29

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2017 11:33:31

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2017 11:33:32

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No DOG do luns 29 de maio de 2017, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou a Orde *do 5 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e ás agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.*

As subvencións reguladas nesta orde contan cunha dotación orzamentaria de 500.000 € e un prazo máximo de notificación aos interesados de cinco meses a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria.

O artigo 2.3. da orde di que: *“A dotación das axudas será destinada a Realización de investimentos de equipamento escénico, iluminación e son, equipamento audiovisual, xeral de sala, sistemas de prevención e seguridade, novas tecnoloxías, investimentos destinados á posta en funcionamento de locais para usos culturais, investimentos en bibliotecas públicas municipais, así como accións encamiñadas á mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.*

2.4. *A axuda máxima por beneficiario que concederá a Consellería será de 30.000 euros, que en ningún caso poderá exceder o 90 % do orzamento total do proxecto subvencionable. Este importe de 30.000 € ascenderá a 35.000 € cando se trate de solicitudes conxuntas, é dicir, solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar)”*

E no artigo 7. Instrución do procedemento e selección de solicitudes, establécese que:

Grupo Parlamentario

“A comisión valorará os expedientes, consonte os seguintes criterios prioritarios:

a) As solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar) poderán obter unha puntuación de 30 puntos (dun total de 100), baixo as dúas seguintes modalidades:

a.1. Agrupacións de concellos baixo calquera fórmula (agás a de fusión municipal), tendo en conta os seguintes aspectos:

- a) Pola simple presentación da solicitude conxunta nos termos e cos requisitos que se determinen nas bases ou nas convocatorias: 10 puntos.
- b) Polo número de concellos asociados, número de servizos que se van prestar de forma compartida, repercusión do proxecto segundo a cifra de poboación total dos concellos participantes: 10 puntos en total desagregados do seguinte xeito:
 - Número de concellos asociados: 4 puntos.
 - Número de servizos que se van prestar de forma compartida: 3 puntos.
 - Repercusión do proxecto tendo en conta a cifra de poboación total dos concellos participantes: 3 puntos

Á vista desta situación as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos solicitaron a subvención indicada?

2ª) Que concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos recibiron subvención con cargo a esta orde?

3ª) Que contías recibiu cada un dos concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos da dita subvención?

4ª) Que concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos foron excluídos ou lles foi denegada a subvención, e que causas motivaron a dita exclusión ou denegación da subvención?



Grupo Parlamentario

5ª) Considera o Goberno galego que os veciños e as veciñas dun concello non agrupado, a efectos desta subvención, ou fusionado teñen máis dereitos que aqueles que viven en concellos que non compren este requisito?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6ª) Considera o Goberno galego que a convocatoria no mes de maio e a resolución no prazo máximo de 5 meses, é dicir, o 28 de outubro, é axeitado para que os concellos poidan facer unha programación axeitada para o desenvolvemento das obras no exercicio?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/11/2017 12:33:11

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/11/2017 12:33:16

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/11/2017 12:33:23

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte e en todo tipo de terreos. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte e terras agropecuarias supón un elemento de gran perigo, é un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e o mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, concellos, deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da Administración e dos distintos colectivos.

A extensión e proliferación dos lumes que afectaron a boa parte da xeografía galega, nomeadamente nas provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo, tiveron un impacto desastroso a todos os niveis, destacando, en primeiro lugar, o nivel familiar e comunitario (ca perda de vidas humanas na catástrofe); o nivel medio ambiental (afectando a espazos naturais, bosques, fauna, etc) e o socioeconómico (con especial impacto no rural, afectando a moitos postos de traballo, vivendas, infraestruturas, etc).

Un dos efectos prexudiciais das consecuencias dos incendios é a erosión do chan que se ve multiplicada en función da pendente do terreo e da intensidade da choiva.



Grupo Parlamentario

Dado que a creación dun chan suficiente para permitir o desenvolvemento normal da cuberta vexetal é un longo proceso de séculos e milenios, hai que entender a importancia de frear os procesos erosivos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Unha das accións preventivas para evitar a erosión é a de proveer capas de vexetación que freen o impacto de fortes e continuas choivas, por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas adoptou ou esta a adoptar a Xunta de Galicia para evitar a erosión dos solos nas zonas queimadas?

2ª) Que materiais se utilizaron na prevención do efecto erosivo?

3ª) Cal foi a procedencia dos materiais utilizados para evitar a erosión?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/11/2017 12:45:39

José Antonio Quiroga Díaz na data 27/11/2017 12:45:55

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/11/2017 12:46:03



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á creación dun punto de atención continuada (PAC) para a atención sanitaria aos concellos de Barbadas, San Cibrao das Viñas e Toén.

A sanidade é unha peza fundamental para o benestar das e dos galegos e a súa ordenación debe ter en conta a distribución da poboación así como a garantía da mellor atención posíbel. Polo tanto, desde as administracións e institucións debemos avaliar que modificacións ou cambios son oportunos para a súa mellora.

Dunha banda, os concellos de Barbadas, San Cibrao das Viñas e Toén forman parte, xunto aos concellos de Ourense, Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín, dos concellos que son atendidos polo Punto de Atención Continuada (PAC) de Ourense. Neste sentido, entre todos eles suman unha poboación censada no ano 2016 de 132.339 habitantes residindo nun territorio total que acada os 355,21 km². Por outra banda, os concellos de Barbadas, San Cibrao e Toén sumaban no ano 2016 unha poboación censada de 18.146 habitantes nun territorio de 128.01 km², este territorio vén a supoñer o 36.03% do territorio total e a súa poboación un 13.7%.

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que malia non acadaren estes concellos os 25.000 habitantes, cómpre ter en conta unha serie de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:37
Nº Rexistro: 20767
Data envío: 27/11/2017 13:37:04.940

circunstancias que deben levar á administración galega a dotalos dun Punto de Atención Continuada específico. Dunha banda, varios puntos dos concellos indicados, os máis afastados, rozan ou superan o límite da isócrona de 30 minutos. Doutra banda, é preciso valorar conxuntamente as demandas da poboación deses concellos, xa que os datos das capas poboacionais dos concellos mais poboados (Barbadás e San Cibrao das Viñas) demostran un grande dinamismo social. Por exemplo, podemos constatar o predominio de zonas medias e polo tanto de persoas activas e en idade fértil. Neste sentido, malia a crise demográfica que incide de forma importante nas comarcas da circunscrición de Ourense, é factíbel prognosticar nos vindeiros anos un mantemento do incremento da poboación, tamén pola absorción doutras localidades de comarcas próximas.

Neste sentido, o incremento poboacional previsíbel para ambos os dous concellos citados leva a pensar a necesidade de atender tamén o incremento da demanda nunha poboación con patoloxías crónico dexenerativas, tanto pola suma de poboación doutros concellos como polo progresivo avellentamento das amplas franxas medias. Dunha banda, este tipo de patoloxías crónico dexenerativas son unhas grandes consumidoras de recursos en tempo de profesionais. Doutra banda, a situación de predominio de estratos medios na pirámide de poboación tamén indica a alta posibilidade de incremento da poboación pediátrica que tamén é consumidora de tempo dos profesionais sanitarios.

A estas consideracións cómpre engadir que o concello de Toén presenta unha pirámide poboacional basicamente invertida coa importancia que iso ten en sanidade para determinar e prever o consumo de recursos, e a máis que probábel dificultade para o acceso ao sistema sanitario de urxencias da capa de poboación mais envellecida, e por tanto a incapacidade para garantir a equidade no acceso.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas cuestións, co fin de garantir o acceso en igualdade de condicións ao sistema sanitario público de urxencias da poboación de maior idade destes concellos, de estar en situación de dar cobertura aos retos que implican as pirámides poboacionais descritas, satisfacer as demandas da cidadanía, e de incentivar a fixación de poboación nova e en idade de se reproducir, así como a necesidade de estar tamén preparados para o futuro que a demografía nos presenta, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera importante reorganizar o mapa sanitario conforme se describiu

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Ten avaliado ou vai avaliar o goberno galego a necesidade de desenvolver un Punto de Atención Continuada que dea cobertura específica aos concellos de Barbadás, San Cibrao das Viñas e Toén?

-Considera o goberno galego que está garantido o espazo temporal de 30 minutos para achegárense as e os usuarios da sanidade pública destes concellos até o PAC de Ourense?

-Considera o goberno galego que a configuración do mapa sanitario desta zona incentiva a fixación de poboación en condicións de se reproducir?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza a capacidade das e dos maiores, con potenciais dificultades de acceso e mobilidade, para achegárense á cidade?

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para atender ás novas necesidades xeradas no concello de Barbadás e arredores diante do aumento da poboación?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:37
Nº Rexistro: 20767
Data envío: 27/11/2017 13:37:04.940

-Ten avaliado o goberno galego a evolución por tipo de doenzas destas localidades para mellorar a súa atención? Con que conclusións?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2017 13:32:36

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2017 13:32:41

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 13:32:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2017 13:32:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:37
Nº Rexistro: 20767

Data envío: 27/11/2017 13:37:04.940

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2017 13:32:55

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2017 13:32:57

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia inclúe unha disposición final sobre o desenvolvemento normativo da mesma:

“Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo
A Xunta de Galicia, nun prazo máximo de seis meses desde a publicación desta lei, elaborará as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.”

Dita lei foi publicada no DOG o 31 de decembro de 2013, entrando en vigor ao día seguinte, 1 de xaneiro de 2014. Deste xeito, a lei debería contar cun decreto regulador en xullo do ano 2014.

Ademais, a Lei 10/2013 contén unha disposición final sobre os tramos de inserción e transición ao emprego, regulados polos artigos 9 e 10 da lei. Dita disposición di: “Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor. Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. No caso concreto dos tramos de inserción e de transición ao emprego, entrarán en vigor cando se publique o decreto no que se regulen estes tramos.”

Os tramos de inserción e transición ao emprego regularán a concesión de axudas a persoas perceptoras da RISGA que se atopen nun itinerario de inserción no mercado laboral.

O funcionamento da RISGA en Galiza está sometido a arbitrariedade, na medida en que depende de criterios opacos e interpretacións distintas por parte de cada xefatura territorial da Consellería de Política Social. Ademais, no caso da Coruña, a Unidade de Tramitación Administrativa da RISGA foi desmantelada, prescindindo a Xunta das traballadoras sociais que se dedicaban á tramitación desta renda, pasando a mesma a tratarse coma un trámite administrativo, o que orixina numerosos recursos por parte dos Servizos Sociais Comunitarios ante denegacións de RISGA.

Contar cun Decreto regulador do desenvolvemento da Lei 10/2013, ademais de ser unha obriga legal, melloraría a xestión da RISGA, favorecería a inserción laboral e melloraría a situación de arbitrariedade nas tramitacións.

O informe da EAPN de 2014 (“Por unha RISGA efectiva: dos papeis ás persoas”), realizado a partir dunha consulta a profesionais e a persoas perceptoras desta renda, alertaba de que a “ausencia dun Regulamento de desenvolvemento da Lei de Inclusión, o insuficiente orzamento, a falta de adaptación ás necesidades actuais, os atrasos e o endurecemento dos requisitos de acceso, entre outros factores, poñen en perigo a viabilidade da RISGA como instrumento eficaz contra a exclusión social.”

Tras numerosas peticións á Xunta para que se desenvolvera regulamentariamente a Lei 10/2013, tanto de entidades e colectivos sociais como dos grupos parlamentares da oposición na Cámara galega, non foi ata o ano 2017 cando, ante unha iniciativa de En Marea, a Consellería de Política Social anunciou que o Decreto regulador da Lei de inclusión social galega estaría publicado antes de final deste ano 2017.



O Decreto foi exposto no Portal de Transparencia da Xunta de Galiza entre o 1 de outubro e o 17 de outubro de 2017.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Que valoración fai a Xunta da demora en máis de tres anos no desenvolvemento normativo da Lei 10/2013?
- 2) Cal é o tempo medio de agarda na tramitación da RISGA en 2017, cos últimos datos?
- 3) Cal é o número total de rendas concedidas en 2017? Cales son as previsións para 2018?
- 4) Considera a Xunta suficiente a partida dedicada á RISGA nos Orzamentos de 2018, tendo en conta a inminente posta en marcha dos tramos de inserción e transición ao emprego?
- 5) Por que non se publicou o Decreto antes do inicio da tramitación dos Orzamentos da Xunta para 2018?
- 6) Estableceu a Xunta un proceso de consultas con entidades e colectivos sociais para a redacción do Decreto? De ser así, con cales e de que xeito?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira



Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/11/2017 14:33:10

Luis Villares Naveira na data 27/11/2017 14:33:18

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

A Axencia Tributaria vén de publicar a súa estatística do Mercado de Traballo nas Fontes Tributarias, onde reflicte a evolución dos ingresos da poboación asalariada en Galicia.

Un dos datos que inclúe a estatística e o montante global dos salarios recibidos por todas as persoas que traballaron por conta allea, incluído os que o fixeron todo o ano e os que só traballan unha parte do mesmo, ben porque se xubilaron, ben porque alternaron períodos con traballo e outros en desemprego.

En 2008 a masa salarial de Galicia –a suma de todos os salarios cobrados no noso país- foi de 20.128 millóns de euros. En 2016 a masa salarial é de tan só 18.328 millóns de euros, isto é, despois de tres anos de fase alcista do ciclo económico aínda está 1.800 millóns de euros por debaixo de 2008, antes de caer na recesión.

Un devalo dos salarios que na realidade é maior porque esta comparación está feita en valores nominais, sen ter en conta a evolución da inflación. O IPC acumulado entre 2008 e 2016 en Galicia é o 7,8% e, polo tanto, a caída real da masa salarial elevase a 3.370 millóns de euros, un retroceso do 15% en comparación co ano 2008.

A masa salarial empezou a caer a partir de 2009 como consecuencia da destrución do emprego asalariado, pero a maior caída, tanto en cifras absolutas como porcentuais, deuse en 2012, como consecuencia das reformas laborais e a devaluación salarial.



En 2009 a masa salarial retrocedera o 1% e no 2010 e 2011 un 2% en cada ano. Poren, en 2012 o retroceso foi do 7%, a maior caída da serie seguida da de 2013, cun retroceso do 3%.

A evolución da masa salarial rexistrada pola Axencia Tributaria vén a confirmar o sucedido no mercado laboral como consecuencia das reformas laborais: a devaluación salarial provocada pola reforma veu agravar os efectos da destrución de emprego causada pola recesión.

O bienio 2012/2013 é o bienio negro dos salarios en Galicia, porque en dous anos a masa salarial retrocede un 10%.

En cifras absolutas, os salarios retrocederon en 211 millóns de euros en 2009, en 341 en 2010, en 2011, logo da primeira reforma laboral, caeron en 411 millóns. A partir de 2012 a caída dispárase: perden 1.421 millóns de euros en 2012 e outros 507 millóns en 2013.

No bienio negro os salarios perden case 2.000 millóns de euros, catro veces máis que en 2009/2010 cando a recesión foi máis forte con caídas do PIB do 3,5%.

No ano 2014, co inicio do cambio de ciclo económico, os salarios estancáronse pero empezaron a medrar, a partir dese ano, grazas a xeración de novo emprego e que os salarios, aínda que apenas suben, deixaron de caer. Aínda así, tres anos despois de iniciada a fase alcista do ciclo a masa salarial está moi por baixo da que había fai seis anos, o que nos obriga a facer a seguinte pregunta: Por que se en 2016 o PIB case estaba nas cifras de 2008 a masa salarial é un 15% inferior á dese ano?

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Cal é a razón pola que a masa salarial de Galicia de 2016 é inferior en 3.400 millóns de euros, en termos reais, a de 2008?



- 2.^a) Como pode explicar que a masa salarial caia máis que o PIB na recesión e que agora medre menos na fase alcista do ciclo?
- 3.^a) Que lle parece que a maior perda salarial se produza nos anos 2012 e 2013 e non na fase máis dura da recesión en 2009-2010?
- 4.^a) Pensa que a reforma laboral de 2012 é parte da explicación?
- 5.^a) Que vai facer para combater esta perda de peso dos salarios na economía e as repercusións que isto ten na vida das persoas?
- 6.^a) Comparte a posición do FMI, da Comisión europea e do BCE de que é urxente un incremento real e significativo dos salarios?
- 7.^a) Ten pensado actuar de forma proactiva, como o goberno de Baleares, que impulsou un acordo salarial que incrementa os salarios no principal sector de actividade e de emprego dese territorio no 20% en catro anos?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 27/11/2017 16:55:30



Antón Sánchez García na data 27/11/2017 16:55:40

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A planificación da oferta educativa das ensinanzas postobrigatorias debe atender a varios obxectivos, entre eles, potenciar as oportunidades de formación do alumnado e contribuír ao desenvolvemento social e económico da sociedade.

Non é menos certo que esa planificación se debe realizar con criterios obxectivos, tras a análise oportuna, pero tamén considerando sempre que a formación das persoas sempre trae consigo melloras, tanto persoais como sociais.

Aínda que este grupo parlamentario ten tentado en varias ocasións que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estableza criterios obxectivos, froito do consenso parlamentario, para deseñar unha rede de centros para o futuro do noso país, sempre obtivemos a mesma resposta: non.

Por ese motivo, consideramos moi procedente presentar iniciativas neste caso relacionadas coa oferta educativa do IES de Melide.

Este centro educativo conta coas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclos formativos de grao básico e medio de carpintaría e moble.

Considera este grupo parlamentario que sería necesario incrementar a oferta educativa incluíndo o ciclo formativo de grao medio de sistemas microinformáticos e redes, regulado no Decreto 27/2010, polas seguintes razóns:

1. A comarca Terra de Melide presenta, dende o punto de vista da natalidade, unha situación estable, como se pode comprobar empregando os datos do Instituto Galego de Estatística sobre nacementos, que son os seguintes:

Grupo Parlamentario

Ano	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Nacementos	70	80	93	78	86	76	65	79	86	76	62	71	66	71	69	70	79

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. O informe sobre a Ocupación laboral do alumnado de Formación Profesional que rematou a Formación en Centros de Traballo no ano 2015 (último dispoñible), apunta varias conclusións moi interesantes sobre o alumnado desta familia profesional de informática e comunicacións:
 - a) A cantidade de alumnos/as que traballan na mesma empresa na que realizaron as prácticas é unha das máis altas (40,4 %).
 - b) Dos alumnos ocupados actualmente, o 78 % traballan en postos que consideran relacionados co seu ciclo; unha das porcentaxes máis altas de entre as distintas ramas profesionais.

3. A oferta deste ciclo formativo máis próxima dentro da provincia da Coruña atópase no IES de Curtis (a 30 km aproximadamente).

4. Os espazos necesarios para implantar este ciclo formativo, establecidos no mencionado Decreto 27/2010 son os seguintes, para 30 alumnos:
 - a) Aula polivalente de 60 m²
 - b) Aula técnica de 60 m²
 - c) Taller de instalación e reparación de equipamentos informáticos de 120 m² que entendemos que se poden habilitar no centro, máxime tendo en conta as correspondentes porcentaxes de utilización destes espazos que permiten o seu uso compartido con outras ensinanzas, cando menos da aula polivalente.

5. A posibilidade de completar a oferta no futuro, tanto con formación profesional de grao básico como superior.

Sobre a base das anteriores consideracións o deputado e as deputadas que asinan preguntan:



Grupo Parlamentario

Considera oportuno incluír a oferta do ciclo formativo de grao medio de sistemas microinformáticos e redes IES de Melide a partir do curso 2018/2019?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/11/2017 16:57:15

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/11/2017 16:57:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/11/2017 16:57:38

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O Ministerio de Fomento vén de autorizar unha suba extraordinaria das peaxes para o ano 2018 a AUDASA, na AP-9, dun 3,1% durante os próximos 3 anos.

En febreiro de 2017 AUDASA presentaba un recurso contencioso-administrativo contra a Orde de tarifas do Ministerio de Fomento, de 23 de Decembro de 2016, por, segundo a empresa, non contemplar nela a procedente actualización extraordinaria de tarifas á que se refire o convenio aprobado por Real Decreto 104/2013, de 18 de febreiro. A Orde de Fomento traducíase nunha rebaixa dun 0,37% nas peaxes na AP9 para 2017.

Descoñecemos si o anuncio de Fomento vén derivado dun acordo extraxudicial coa empresa e descoñecemos en base a que cálculo se fixa esa suba por riba do IPC. O certo é que a AP-9 segue a ser un exemplo da privatización dos beneficios e socialización das perdas practicada polo Partido Popular, neste caso, en beneficio de AUDASA.

A AP-9 segue a estar en cabeza das reclamacións dos usuarios, á cola en empregados por km, e á cabeza en beneficios que se converten en reparto millonario de dividendos.

No ano 2016 AUDASA repartiu 45 millóns de euros de dividendos, practicamente 1 de cada 3 euros do que recada por peaxes.



Incluso coa lixeirísima rebaixa decretada para 2017, no primeiro trimestre, a cifra de negocio medrou un 3,5%, o resultado de explotación un 8% e o beneficio líquido nun 11,9%.,Un negocio redondo á conta de galegos e galegas.

Con estes datos a suba que se propón é un insulto á cidadanía e é por iso que queremos coñecer cal está a ser a actuación do Goberno galego diante desta decisión.

Por todo o anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

- 1) Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia, ante o anuncio do Ministerio de Fomento do acordo coa empresa, da suba dun 3,5 % das tarifas na AP-9?
- 2) A suba do 3,1% é o resultado dun acordo extra-xudicial entre Ministerio de Fomento e AUDASA?
- 3) Foi coñecedor ou participou nas conversas entre Fomento e AUDASA e no acordo final?
- 4) Que pensa facer ante esta decisión, que supón un golpe máis á economía de moitos galegos e galegas?
- 5) Por que se nega a facer un estudo sobre a viabilidade do rescate para o público da AP-9?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/11/2017 17:17:59

Marcos Cal Ogando na data 27/11/2017 17:18:08

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 7.^a**

O DOGA do 10 de febreiro de 2014, mediante resolución do 15 de xaneiro de 2014, da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, declarou a presenza do organismo de corentena *Epitrix spp* (pulguiña da pataca), e estableceu as zonas demarcadas e as medidas fitosanitarias para o seu control.

O DOGA do 11 de marzo de 2016, mediante resolución amplía as zonas demarcadas por presenza da praga “pulguiña da pataca”, zonas que se ampliaron como zonas demarcadas pola existencia da praga mediante resolución publicada no DOGA o 22 de novembro de 2017 dentro do territorio da comunidade, acadando

- 1.- Todo o territorio incluído nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra,
- 2.- Todo o territorio dos seguintes concellos na provincia de Ourense: Amoeiro, Arnoia, Avión, Barbadás, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, Coles, Cortegada, Esgos, O Irixo, Leiro, Maside, Melón, A Merca, Nogueira de Ramuín, Ourense, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Piñor, Punxín, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, Taboadela, Toén e Vilamarín, e as áreas incluída nun raio de 500 metros arredor de diferentes parcelas localizadas na provincia de Ourense.



Con esta expansión o territorio queda practicamente colonizado pola pulguiña da pataca. As medidas establecidas na Resolución do 15 de xaneiro do 2014 non foron suficientes ou ben non se executaron de xeito que impedisen a expansión de dito organismo de corentena.

Por todo o exposto este Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7.^a:

- 1.- Que medidas ten levado a cabo a Xunta de Galicia para a erradicación de dita praga?
- 2.- Que medidas ten adoptado a Xunta de Galicia para que as persoas consumidoras e tamén as produtoras non reciban un impacto económico severo?

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 27/11/2017 14:42:28



Paula Quinteiro Araújo na data 27/11/2017 14:42:40



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Durante os últimos anos as consecuencias dramáticas de diferentes calotes bancarios derivaron en que a partir da mobilización dos colectivos sociais, sindicais e políticos as administracións e diferentes autoridades pularan por cambios normativos. Diante da mala praxe na colocación de produtos ás persoas consumidoras, tamén as autoridades europeas, en concreto a autoridade de mercados europea, a ESMA, puxo en marcha a Directiva 2014/65/UE coñecida coma MIFID II e os diversos regulamentos derivados, que debían ser adaptados á lexislación de cada estado. En concreto, no Estado Español, correspondería á CNMV esta transposición.

En repetidas ocasións, este Grupo Parlamentar ten denunciado que a falta de control sobre a banca na venda de produtos financeiros pode provocar novas estafas colectivas e que polo tanto era preciso exercer cunha maior ambición e recursos as competencias exclusivas en consumo que recolle o Estatuto de Autonomía de Galiza no seu artigo 30.I.4, outorgando as competencias sobre comercio interior e defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:00
Nº Rexistro: 20822
Data envío: 27/11/2017 18:00:32.639

xeral de prezos e da lexislación sobre defensa da competencia. Máis aínda, o BNG alertou dos riscos que estaban a darse xa non só desde a perspectiva das persoas consumidoras, senón tamén dos e das traballadores sobre os que cada vez para maior responsabilidade baleirando desta ás entidades financeiras.

A comezos de 2017, o BNG pediu tamén que o Parlamento demandara á Xunta de Galiza levar a cabo as actuacións precisas de cara a solicitar que a CNMV trasladara canto antes a normativa comunitaria de protección dos e das usuarias de banca ante a comercialización dos produtos financeiros, e que esa adaptación se producira coa negociación da representación dos cadros de persoal. Doutra banda, as e os nacionalistas insistimos sempre na necesidade de non responsabilizar ás e aos traballadores de cuestións que deben depender das entidades bancarias e das entidades públicas, como é o referido ás valoracións de risco, sen entrar en posíbeis conflitos de interese e consecuencias mesmo penais para traballadores e traballadoras que reciben en moitos casos presións para as vendas e cuxas condicións de traballo teñen empeorado. Así mesmo, insistimos sempre na importancia da formación e da regulación desta, que debe ter o seu peso en institucións públicas.

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos alarmante que a CNMV non teña considerado que nin unha soa titulación das impartidas dentro do Sistema Universitario Galego teña validez de cara á formación de persoal para as funcións de venda dos produtos financeiros, máis aínda cando se trata dunha tarefa que ocupa a maioría das e dos traballadores de cada entidade. As e os nacionalistas consideramos fóra de toda lóxica que se exclúan as titulacións universitarias impartidas que teñen relación coa materia e



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:00
Nº Rexistro: 20822
Data envío: 27/11/2017 18:00:32.639

tamén outras formacións profesionais e que se limite a unhas certificacións recentemente publicadas que non obedecen aos criterios de adaptación ás novas normas nin de apostar pola formación desde os sistemas públicos. Consideramos, polo tanto, que estamos diante dun agravio para co Sistema Universitario Galego, as competencias galegas de ensino e a protección dos cadros de persoal e das persoas consumidoras, pois afóndase no desleixo canto á formación mesmo derivándoa nalgún caso a entidades con poucas garantías.

Por todas estas cuestións formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Cal é a valoración do goberno galego da exclusión das titulacións impartidas ao abeiro do Sistema Universitario Galego para a formación dos cadros de persoal das entidades bancarias e a venda de produtos financeiros complexos?

-Que actuacións ten levado ao respecto o goberno galego?

-Trasladou a Xunta de Galiza algunha suxestión previa ou posterior á Comisión Nacional de Mercado de Valores? Dirixiuse ao organismo estatal para tratar este asunto?

-Considera o goberno galego que están a ser respectadas as competencias de ensino do noso país?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o goberno galego que é garantida a certificación como asesor ou asesora pola vía da EFPA?

-Ten avaliado esta cuestión en diálogo coas organizacións sindicais dos e das traballadoras? Con que resultado?

-Ten avaliado esta situación a Xunta de Galiza coas Universidades Galegas?

-Ten avaliado o Instituto Galego de Consumo as posíbeis repercusións na vulneración da protección das persoas consumidoras?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:00
Nº Rexistro: 20822

Data envío: 27/11/2017 18:00:32.639

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2017 17:58:13

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2017 17:58:18

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 17:58:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2017 17:58:23

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2017 17:58:25

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2017 17:58:26



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**.

Formar en materia de xénero e de prevención da violencia machista especialmente entre o profesorado responsábel da educación das novas xeracións no ensino regrado é fundamental para avanzar colectivamente. Neste sentido, xa a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero facía mención á poboación xuvenil e á importancia do ensino. De feito, no artigo 14 recolle “As administracións educativas e universidades, no ámbito das súas competencias, asegurarán que na totalidade dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios en disciplinas que habiliten para o exercicio de profesións que teñan relación directa coa violencia de xénero se incorporen contidos relacionados coa comprensión desta violencia, dirixidos á capacitación para a prevención, detección precoz, intervención e/ou apoio ás mulleres que a sofren.”

Por responsabilidade, tanto coas vítimas e potenciais vítimas, co conxunto sociedade como co propio profesorado é preciso esixir pero tamén facilitar elementos capacitadores para tal función. Neste sentido, débese garantir e mellorar a formación e capacitación do persoal docente, a comezar por aquelas persoas que están na súa formación inicial.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:20
Nº Rexistro: 20827
Data envío: 27/11/2017 18:20:52.530

Desde o curso 2009-2010 impártese o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, requisito imprescindible para que calquera persoa poida optar á función docente na Secundaria e Formación Profesional. Polo tanto, é unha formación específica que deba incorporar contidos referentes á prevención, identificación, detección e intervención en situacións de violencia machista.

Neste sentido, a raíz dunha Proposición non de lei debatida no Pleno do Parlamento Galego o día 21 de novembro de 2017 o día 22 a Cámara acordou por unanimidade o seguinte acordo “O Parlamento de Galiza insta á Xunta a, desde o respecto á autonomía universitaria, propor ás universidades galegas a modificación dos actuais plans de estudos do Máster Universitario en Profesorado para a incorporación unha materia específica sobre a atención e a prevención de violencia de xénero de cara a reforzar os contidos que deben impartirse na actualidade de xeito transversal e seguir propiciando a adquisición de competencias das e dos futuros docentes para afrontar a transmisión de valores que fomenten a igualdade e a convivencia nas aulas; así como a resolución de conflitos.”

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

-Cal foi a valoración do goberno galego da proposta aprobada polo Pleno? Desenvolveron avaliacións específicas os departamentos da Secretaría Xeral de Igualdade e da Consellaría de Ensino? En que termos?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:20
Nº Rexistro: 20827
Data envío: 27/11/2017 18:20:52.530

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para promover a consideración por parte das universidades galegas da incorporación dunha materia específica para a atención e prevención da violencia machista? Con que resultado?

-Estabeleceu contacto con algunha universidade privada para tal efecto? E coa UNED?

-Cal é a folia de ruta ao respecto que ten planificada o goberno galego?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2017 18:16:23

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2017 18:16:28



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 18:20
Nº Rexistro: 20827
Data envío: 27/11/2017 18:20:52.530

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 18:16:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2017 18:16:32

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2017 18:16:34

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2017 18:16:35

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa á poxa na que se acha un dos principais xacementos arqueolóxicos de Galicia: O asentamento de Pena Grande Bordelle, Santaballa, Vilalba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Hacienda e Función Pública saca a poxa para o 15 de decembro unha serie de bens e leiras. Entre outras, unha parcela de algo máis de tres hectáreas e media de superficie, por 7.785,66 €. Nela áchase un dos principais xacementos arqueolóxicos de Galicia. Terá lugar nas dependencias da Delegación de Economía e Facenda de Lugo e poderanse presentar ofertas ata o día 11.

En concreto, os datos técnicos do que se vai a someter a poxa son:

Lote 25- Parcela 146 do polígono 1, paraxe Detrás da Pena Grande, da zona de concentración parcelaria de Santabaia, municipio de Villalba. Referencia catastral 27065C001001460000WE. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Villalba, ao tomo 554, libro 262, folio 179, leira 29508, inscrición 1^a. Linderos: ao Norte, coa parcela 143; ao Sur, coa 147; ao Leste, con camiño e ao Oeste, coa parcelas 144 e 145. Nesta leira existen dous xacementos arqueolóxicos. Superficie 35.512 m², tipo de licitación 7.785,66 €. Expediente 2017 027 00078 (1^a poxa).



Por certo, aproveitamos para demandar que se escriba correctamente a denominación do topónimo: é Vilalba e non o termo manipulado de “Villalba”.

O asentamento de Pena Grande Bordelle, Santaballa, Vilalba, foi descuberto e escavado por D. José Ramil Soneira a finais da década dos sesenta do século XX. Constitúe un dos xacementos do Paleolítico superior, Magdalenense, máis importante de Galicia polos estudos alí realizados e pola cantidade e calidade dos restos atopados.

As máis de dúas mil pezas líticas recuperadas, realizadas sobre seixo, cristal de rocha, sílex ou seixo porfídico, permítenos coñecer á xente que habitaba esta zona de Galicia hai máis de 13.000 anos. Detrás dos “útiles tipo” localizados, máis de douscentos, están as persoas que os tallaron usando unicamente as súas mans e os medios que lles daba a natureza.

Crearon laminiñas para cortar ou cazar; burís para labrar o óso, a madeira ou pedra; raspadeiras que acondicionaban as peles. Centos de elementos con información importante sobre como viviamos e como eramos milenios atrás.

Moitas destas pezas poden verse no Museo Provincial de Lugo e no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba. Pero o abrigo de Pena Grande e a súa contorna aínda conservan moitos outros materiais que poden poñerse en perigo se se realizan obras ou remocións na súa contorna.

Pena Grande é ademais un Ben Catalogado, e como tal protexido pola nosa lexislación. É un xacemento crave para a comprensión dos cambios ambientais que desembocan na actual fase climática, así como para estudar as transformacións culturais previas á adopción da vida campesiña.



Na mesma parcela atópase o Petróglifo de Pena Grande, posiblemente da Idade do Bronce, que ten a consideración de Ben de Interese Cultural xenérico. A composición está formada por un gravado principal que desenvolve dúas espirais que están unidas por un trazo curvo. Tamén existe un motivo cruciforme de realización máis basta e máis recente.

Contamos cun importante e rico patrimonio cultural. Lamentabelmente, observamos como día a día este patrimonio se vai destruindo impunemente en toda Galicia. Lamentamos as constantes agresións que sofre o noso patrimonio natural, paisaxístico e cultural.

Conscientes da importancia que ten a conservación do patrimonio material e inmaterial, parécenos gravísima e incomprensible esta poxa.

Máis tendo en conta que durante os traballos de concentración si se tivo a sensibilidade patrimonial necesaria como para colocar este elemento nunha posición que permitise a súa conservación baixo a tutela da administración, esperamos tamén que haxa sensibilidade actual.

Segundo as noticias que transcenderon en prensa, parece ser que a razón da venda nun proceso de poxa é puramente economicista e obvia por completo o valor patrimonial e cultural da superficie mencionada. Sinálase que esta superficie pasou a disposición dun descoñecido. É dicir, habería unha agrupación de propietarios non coñecidos. Transcorridos varios anos desde o remate da reparcelación, e se ninguén reclama a propiedade, esa superficie pasa a disposición pública. Momento no que a administración, xa fora a autonómica ou a municipal, debería facerse cargo dos terreos para garantir a conservación dos xacementos arqueolóxicos que alberga.

O Ministerio de Facenda decidiu poñer o devandito terreo á venda sen ter en conta que no lugar se atopa un conxunto arqueolóxico de enorme valor, o que



indica a falla de información, transparencia e coñecemento do que se pon en proceso de poxa desde a Administración pública. Chama poderosamente a atención este modo de proceder, do mesmo xeito que resulta rechamante que desde a delegación de Facenda de Lugo non se aporte información respecto diso ou que previamente non se realice unha visita ás parcelas ou terreos que se poñen en poxa. Cremos que sería o idóneo para non atoparnos con sorpresas como a aludida.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

1. Coñece por que razón decidiu o Ministerio de Facenda poñer a poxa a parcela: Lote 25- Parcela 146 do polígono 1, paraxe Detrás da Pena Grande, da zona de concentración parcelaria de Santabaia, municipio de Villalba. Referencia catastral 27065C001001460000WE. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Villalba, ao tomo 554, libro 262, folio 179, leira 29508, inscrición 1ª. Linderos: ao Norte, coa parcela 143; ao Sur, coa 147; ao Leste, con camiño e ao Oeste, coa parcelas 144 e 145. Nesta leira existen dous xacementos arqueolóxicos. Superficie 35.512 m², tipo de licitación 7.785,66 ?. Expediente 2017 027 00078 (1ª poxa)?
2. Sabe o Ministerio de Facenda que neses terreos se atopa o xacemento arqueolóxico de Pena Grande situado na parroquia de Santabaía no municipio de Vilalba, un dos principais xacementos arqueolóxicos do período magdalenense en Galicia que pertence ao paleolítico, onde se atoparon numerosas pezas de gran valor patrimonial?
3. Vai evitar con urxencia que o Ministerio de Facenda decida levar a poxa do



próximo 15 de decembro na Delegación de Facenda de Lugo o conxunto de Pena Grande?

4. Vai instar ao Ministerio para que ceda eses terreos gratuitamente á Xunta de Galicia ou ao concello de Vilalba para poñelos en valor desde un punto de vista do patrimonio cultural e histórico?

5. Comprobará, a partir deste caso, se existen outros xacementos arqueolóxicos na mesma situación que Pena Grande, para evitar futuras destrucións?

6. Cumprirá a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Artigo 1 (2). E Artigo 2 (1)?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Luca Chao Pérez,

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/11/2017 18:27:10

Luca Chao Pérez na data 27/11/2017 18:27:17

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O Regulamento da Unión Europea 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre a Política Pesqueira Común, no seu artigo, 3, letra k) establece dentro dos principios de boa gobernanza da política pesqueira o criterio de transparencia no tratamento de datos de conformidade con os requisitos legais vixentes, respectando debidamente a vida privada, a protección de datos de carácter persoal e as normas de confidencialidade; a dispoñibilidade dos datos para os organismos científicos adecuados, outros organismos con intereses científicos ou de xestión, e outros usuarios finais concretos.

As autoridades públicas están obrigadas pola Lei 27/2006 a levar a cabo a difusión da información ambiental da maneira máis activa e sistemática posible. De feito, teñen a obriga de difundir unha información mínima, entre aqueles datos ou resumos de datos derivados do seguimento das actividades que afecten ou poidan afectar ao medio ambiente. Así, as autoridades estatais e autonómicas están obrigadas a promover unha maior accesibilidade os datos sobre o control e a execución da normativa pesqueira en España, sen máis limitacións que as excepcións previstas no artigo 4.4 do Convenio de Aarhus e no artigo 13.2 da Lei 27/2006.

O Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente, vén de facer público o seu informe “O Control e a Execución da Política Pesqueira en España Informe Final 26/07/2017”. Nese informe establécese que como consecuencia da ausencia de datos publicamente dispoñibles sobre a aplicación do sistema de control de pesca en Galicia, foi necesario presentar unha solicitude de acceso á información ante a Consellería do Mar, da que depende a Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia. E que esta unicamente facilitou o acceso parcial da información. Os datos non facilitados refírense á descrición dos tipos infractores de pesca máis comúns detectados no ámbito autonómico, así como os datos sobre procedementos sancionadores tramitados e a contía total das sancións administrativas impostas.

Grupo Parlamentario

O informe tamén indica que o Goberno galego non realizou o correspondente informe final de resultados relativo ao seu programa autonómico de control da trazabilidade dos produtos da pesca e a acuicultura. E polo tanto, imposibilita coñecer se se compren os requisitos de trazabilidade da UE ao longo da súa cadea de comercialización de produtos pesqueiros.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Faise preciso pois cumprir coas indicacións da UE, e aumentar a transparencia e a dispoñibilidade de datos sobre as inspeccións e infraccións en materia de pesca, e facilitar un acceso eficaz os datos sobre as sancións administrativas impostas por infraccións á normativa pesqueiras tanto a nivel estatal como autonómico. Ademais promover a publicación de informes anuais a nivel autonómico, incluíndo datos sobre o control e o cumprimento da normativa pesqueira. Aumentar a conciencia política e a vontade das autoridades públicas españolas para levar a cabo unha correcta aplicación das disposicións do Convenio de Aarhus en materia de acceso á información ambiental. Aumentar e mellorar a coordinación entre as diferentes autoridades competentes que participan no control e execución da normativa de pesca, tanto a nivel nacional como autonómico. As autoridades públicas deben ter coñecemento da achega do funcionamento real do sistema de control e execución da política pesqueira en España, sendo capaces de identificar tanto os logros como as limitacións existentes á hora de aplicar as normas da PPC e os seus regulamentos de control.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas.

1ª) Que valoración fai o Goberno galego das conclusións en materia de transparencia do informe “O Control e a Execución da Política Pesqueira en España Informe Final 26/07/2017” elaborado polo Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente?

2ª) Elaborou o Goberno galego o correspondente informe final de resultados relativo o seu programa autonómico de control da trazabilidade dos produtos da pesca e a acuicultura, ao que fai mención o Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente?

3ª) Cumpre o Goberno galego os requisitos de trazabilidade da UE ao longo da cadea de comercialización de produtos pesqueiros?



Grupo Parlamentario

4ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para aumentar a transparencia e a dispoñibilidade de datos sobre as inspeccións e infraccións en materia de pesca e facilitar un acceso eficaz aos datos, se for o caso, en que prazo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para aumentar e mellorar a coordinación entre as diferentes autoridades competentes que participan no control e a execución da normativa de pesca tanto a nivel nacional como das comunidade autónomas?

6ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para promover a publicación de informes anuais a nivel autonómico, incluíndo datos sobre o control e o cumprimento da normativa pesqueira?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 27/11/2017 18:22:06

Julio Torrado Quintela na data 27/11/2017 18:22:17

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Hai uns días, os medios de comunicación salientaron o anuncio para a inminente poxa pública dos terreos (polígono I, parcela 146) nos que se sitúan o xacemento arqueolóxico da Pena Grande, na parroquia de Santaballa, concello de Vilalba. Ditos terreos, forman parte do inventario de bens do Estado no expediente 2013/724/27/027/00001088 e correspóndense con terreos declarados no seu día de titularidade descoñecida. A poxa está fixada para o día 15 de decembro.

En dito terreo atópase un petróglifo catalogado como BIC e un xacemento paleolítico catalogado o da Pena Grande, un asentamento temporal de cazadores nómadas ocupado, segundo os restos atopados, en torno ao 14.000 a. C. e durante moito tempo xa que 8.000. anos mais tarde aínda era habitado. Neste xacemento téñense atopados milleiros de elementos de interese arqueolóxico como pezas de sílex, restos de útiles de caza e útiles de transformación como utensilios para cortar carne o traballar a madeira e os especialistas sinalan a necesidade de continuar cas investigacións, xa que constitúe un dos principais xacementos galegos para a comprensión dos cambios ambientais e culturais ata a adopción da vida campesiña polos poboadores do noso territorio.

É xa a terceira vez que se leva a cabo un procedemento de poxa sen que ningunha administración pública manifestara ningún interese en paralo e poñer este xacemento ao servizo da sociedade dada a súa importancia histórica e cultural, xa que constitúe un dos principais xacementos galegos para a comprensión dos cambios ambientais e culturais ata a adopción da vida campesiña polos poboadores do noso territorio e non pode admitirse que pase a mans privadas.

 Grupo Parlamentario

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Coñece a Consellería de Cultura a pretensión do Ministerio de Facenda de realizar unha poxa dos terreos onde está radicado o xacementos arqueolóxico de Pena Grande no concello de Vilalba?

2.ª) Como valora que este xacemento pase a mans privadas?

3.ª) Pensa facer algo para evitar esta poxa e que este valioso xacemento pase a dominio público e poda seguir sendo investigado e se poda poñer en valor?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/11/2017 19:22:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/11/2017 19:22:25

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A asistencia sanitaria de A Illa de Arousa ofrécese a través do centro de saúde da localidade, que dispón de tres consultas de facultativos, dúas de enfermería e un pediatra a tempo parcial (compartido co municipio de Ribadumia). O centro de saúde, como infraestrutura, atópase con numerosos déficits de espazo e mantemento, polo que durante moito tempo se reclamou dende o municipio a construción dun centro de saúde novo que dera atención e servizo coa maior calidade posible aos veciños e veciñas de A Illa. A Consellería de Sanidade negou a posibilidade de construción dun novo centro, e limitouse a comprometer unha ampliación e mellora do existente. Non entanto, non se mellorará un aspecto relevante que é a súa situación, compartindo espazo co Instituto Social de la Marina, o que supón algún incordio de organización e funcionamento por ser entidades distintas e administración responsables diferentes. Esta mellora e ampliación aínda non está sendo realizada, a pesares de vir sendo prometida nos últimos tres orzamentos autonómicos.

Durante este proceso, e debido ao interese dos veciños e veciñas, liderado polo Concello de A Illa, púxose a disposición da consellería un terreo dispoñible e libre de cargas para a situación do novo centro de saúde que finalmente a consellería desbotou. O Concello, ao non ser utilizados, pediu a reversión dos terreos mais aínda non recibiu ningunha noticia ao respecto.

Mentres a situación da infraestrutura mellora, continúan os problemas de persoal no centro. Este verán o centro xa permaneceu durante un mes con un facultativo menos, xa que a Consellería de Sanidade deixou sen cubrir unhas vacacións. Na época estival A Illa convértese nun polo referente de atracción de visitantes, o que aumenta a problemática

Grupo Parlamentario

xurdida pola non cobertura das ausencias de facultativos como se puido ver neste pasado verán coa saturación do centro e as demoras nas citas. O problema, lonxe de resolverse, continúa pois non existen garantías de cobertura dos profesionais por vacacións ou baixas, o que merma claramente a calidade da asistencia sanitaria dos veciños e veciñas que, ante as dificultades, teñen que optar ás veces por acudir ao PAC de Cambados ou ao Servizo de Urxencias do Hospital do Salnés, o que complica o normal funcionamento destes servizos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora a Consellería de Sanidade os problemas habituais no Centro de Saúde de A Illa respecto da instalación e do persoal?
2. Cal é o calendario de prazos que ten estimada a Consellería de Sanidade de obras e posta en funcionamento da ampliación e mellora do Centro de Saúde de A Illa?
3. Por que non se respondeu á solicitude do Concello de A Illa de reversión dos terreos que estiveron a disposición para a situación dun novo centro de saúde?
4. Pode garantir a Consellería de Sanidade a cobertura axeitada dos servizos sanitarios para A Illa de Arousa coa substitución dos profesionais necesarios en caso de ausencia dos titulares?
5. Ten previsto a Consellería de Sanidade o reforzo do servizo en época de verán debido ao aumento poboacional en A Illa de Arousa froito do turismo?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/11/2017 11:26:55

Noela Blanco Rodríguez na data 28/11/2017 11:27:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Soraya Salorio Porral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Goberno galego ten como prioridade atender ás necesidades e inquiredanzas da poboación xove residente en Galicia, e cremos firmemente que a xuventude ten moito que achegar a nosa sociedade.

A Consellería de Política Social ofrece que a xuventude galega empregue o seu tempo libre estival participando en actividades de educación non formal moi diversas.

Por elo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado fixo realidade este obxectivo a través da Campaña de verán 2017, baixo o lema “O teu verán colle nunha mochila”.

Trátase dun programa de actividades que tivo lugar nos meses de xullo, agosto e setembro tanto en Galicia como fora dela.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cal foi o balance do programa levado a cabo pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado baixo a lema “O teu verán colle nunha mochila”?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 28/11/2017 12:54:25

Marta Rodríguez Arias na data 28/11/2017 12:54:35

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/11/2017 12:54:47

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/11/2017 12:54:55

María Ángeles García Míguez na data 28/11/2017 12:55:02

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/11/2017 12:55:10

Raquel Arias Rodríguez na data 28/11/2017 12:55:18

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 28/11/2017 12:55:27

María Soraya Salorio Porral na data 28/11/2017 12:55:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

Galicia sofre unha alta concentración de gas radón, en gran medida pola súa abundancia de chan granítico. A pesar disto, a Xunta aínda non adoptou as medidas sanitarias e estruturais necesarias para previlo e facerlle fronte. A súa inacción neste eido supón un afronta terrible contra a saúde pública que tería que ser emendada de inmediato.

Dende fai 25 anos, profesores e investigadores galegos levan advertindo acerca dos perigos que entraña este gas. Hoxe sabemos que se trata da segunda causa de cancro de pulmón na nosa terra, só por detrás do tabaco. A mera exposición ao radón pode chegar a duplicar o risco do cancro, se as concentracións superan os 200 Bq/m³. No caso dos non fumadores, sería a primeira causa de morte por esa enfermidade. No peor dos escenarios –cando interactúa o radón co tabaquismo– a probabilidade de desenvolver cancro de pulmón multiplícase por corenta.

A exposición a este gas tóxico tradúcese anualmente en máis de 300 mortes, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística. No ano 2014, morreron en Galicia 1.690 persoas a causa de tumores malignos de esófago, traquea, bronquios ou pulmón. Unha cuarta parte destas defuncións, puideron estar relacionadas coa excesiva exposición ao gas radón.

Segundo o Mapa de Radón de Galicia, elaborado por investigadores da USC, máis da metade da poboación galega atópase en zonas de alto risco por



exposición ao gas radón. Así o demostran as máis de 3.500 medicións que se fixeron ao longo do país. 30 das 53 comarcas galegas (isto é, 126 dos 313 municipios) presentan concentracións superiores aos 300 Bq/m³, situándose por enriba do límite fixado pola directiva europea que entrará en vigor o ano próximo. Das catro provincias, Ourense e Pontevedra son as máis prexudicadas. De feito, no caso de Ourense o radón instalouse mesmo no propio concello, tal e como revelaron as medicións levadas a cabo pola USC.

No mes de febreiro –dentro de só tres meses– entrará en vigor unha normativa europea cuxo obxectivo é obrigar aos estados membros a legislar de tal modo que se minimize a exposición da cidadanía ao gas. España, non obstante, non conta con ningunha normativa elaborada sobre o tema. No caso de Galicia, non temos nin sequera unha normativa que permita reducir as filtracións do gas nas casas e nos edificios públicos. O que sucede no concello de Ourense é consecuencia disto mesmo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de **En Marea** presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Cales son as estratexias da Xunta para diminuír a exposición ao gas radón?
- 2.^a) Que medidas relacionadas coa construción está tomando a Xunta?
- 3.^a) Que coidado específico se está tendo cos edificios nos que a cidadanía pasa longos períodos de tempo, como poden ser as escolas, as bibliotecas e os edificios de titularidade pública en xeral?



4.ª) Que formación están recibindo profesionais da construción para que contribúan a mitigar o impacto do gas radón nos edificios e, polo tanto, na nosa saúde?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 28/11/2017 17:38:54

Antón Sánchez García na data 28/11/2017 17:39:02

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

A Praia de Augas Santas, máis coñecida como A Praia das Catedrais, é, sen ningunha dúbida, o principal atractivo turístico de Ribadeo. Os arcos, columnas e bóvedas que o mar labrou na súa pedra debuxan unha paisaxe de beleza única, que muda ao longo do día co ir e vir das mareas. Con razón, a praia foi recoñecida como Monumento Natural no Decreto 11/2005, do 20 de xaneiro, e conta coa protección da Rede Natura 2000.

O Decreto 80/2015, do 11 de xuño, polo que se aproba o Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais, fixa o número máximo de persoas que poden acceder diariamente á zona da praia nos meses de xullo, agosto e setembro, e en Semana Santa: 4.812. Dita limitación fíxose efectiva o 1 de xullo de 2015.

A limitación das visitas estableceuse co obxecto de protexer a zona da masificación, a pesar do cal seguen producíndose grandes concentracións de xente, sobre todo cando a marea baixa. Ao subir a marea, o problema non é tanto o volume de persoas como os seus comportamentos inadecuados, xa que moitas delas suben aos illotes e cantís para obter unha mellor visión de conxunto.



En total, cada ano visitan as Catedrais máis de 600.000 persoas, a meirande parte das cales (350.000) acoden nos meses estivais. Segundo as estimacións, a cifra continuará medrando os próximos anos, acadando un novo pico no 2021, Ano Xacobeo, que pode superar o millón de persoas. Precisamente por iso, urxe planificar e executar labores de ordenación do espazo que permitan a sustentabilidade do turismo. Non se trata de espremer a vaca ata que xa non dea leite, senón de coidala para que sexa rendible moito tempo.

Con este fin, a mediados de novembro, presentouse un *Plan Especial*, promovido polo Concello de Ribadeo, para analizar o estado das Catedrais e contribuír á súa protección. O documento fai énfase na necesidade de apostar por un turismo responsable. Entre as súas propostas cóntanse o control de accesos e aparcadoiro, a construción dun centro de visitantes e as obras de reurbanización da vía LU-0610, así como a adecuación dos sendeiros tradicionais e puntos de observación. Cada unha destas medidas debería servir para ofrecerlle unha mellor protección á praia e a súa contorna.

Tendo presente todo isto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Cal é o número de visitantes que pasou pola Praia das Catedrais nos últimos anos? Que impacto tiveron no ecosistema? Que riscos e problemas se percibiron ligados a paulatina masificación? Como se viu afectada a contorna natural?

2.^a) Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para protexer a Praia das Catedrais da masificación? Que medidas específicas tomará de cara ao Ano Xacobeo 2021?



3.ª) Que avaliación fai do *Plan Especial de Protección das Catedrais*? Que o opinión lle merecen as medidas expostas nel?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 28/11/2017 16:56:45

Antón Sánchez García na data 28/11/2017 16:56:54



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

As especies exóticas son vexetais, animais, fungos e microorganismos que son transportados salvando obstáculos ecolóxicos e que se establecen en zonas situadas fóra da súa área de distribución natural. Algunhas poden resultar invasoras, (como sucede coa Vespa Velutina), e difúndense rapidamente polo medio natural desprazando especies autóctonas competidoras.

O nivel de expansión acadado este ano 2017 e a presión que está a exercer sobre o equilibrio natural e medioambiental superan con creces tódalas predicións.

Somos conscientes de que aínda segue en período de expansión e adaptación ós diferentes microclimas e espazos naturais do territorio galego. A desaparición ou a acusada redución nas poboacións de polinizadores que depreda a Vespa Velutina, mesmo a diminución de moscas e outros insectos van dándonos-la medida do perigo que supón para o equilibrio medioambiental e para as producións agrícolas que serven de base na nosa alimentación.

A medida que pasa o tempo, o tártego de patas amarelas continúa coa súa expansión xeográfica e coa súa intensificación poboacional e presión sobre o medio e a Consellería non toma a iniciativa claramente para atalla-lo problema. Parece que cun



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:02
Nº Rexistro: 20918
Data envío: 29/11/2017 10:02:14.673

...”temos de aprender a convivir con ela”... resume as medidas que está disposta a tomar.

Desde a Plataforma STOP—VELUTINA—GALICIA trasládansenos unha serie de inquiredanzas e propostas de medidas que facemos nosas polo acaídas e polo que de coñecemento do problema amosan.

Soamente desde a sensibilización e participación de toda a cidadanía imos ser quen de darlle traza a esta ameaza.

O combate principal sitúase na primavera, no trampeo masivo feito no momento idóneo. Masivo e intensivo en todo o territorio. Idóneo porque vai se-lo capricho meteorolóxico quen marque o momento apropiado para facelo.

Debería ser feito polas consellerías competentes na materia e consistiría na entrega dunhas 50.000 trampas cos seus atraíntes e non só ós apicultores, incluíría tamén ós concellos e ós colexios. Esta nova distribución é fundamental para que o trampeo sexa masivo e efectivo.

Este trampeo require un seguimento que obriga como mínimo a unhas seis visitas a cada unha das trampas ó longo do ano, unha de colocación e cinco de reposición, levando un control de resultados e de cada unha das accións efectuadas.

A segunda medida precisa na loita contra esta especie invasora parte do coñecemento da especie, o seu comportamento neste noso territorio e as súas debilidades para podermos chegar a métodos de loita biolóxica, a única que nos pode garantir o éxito sen danos ambientais.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para este labor vai ser necesario unificar a actividade investigadora e financeira. As investigacións provenientes de organismos públicos contan coa vantaxe que supón a ausencia de lucro económico como obxectivo, o cal é en si unha garantía.

O goberno galego por medio das consellerías implicadas na xestión desta invasión ten o deber de poñer os medios necesarios para dete-lo avance deste tartago na consciencia que só son medibles a longo prazo. Esta actividade investigadora é fundamental se queremos establecer un plan de loita estable aplicable a longo prazo.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

-Vai financiar a Xunta de Galicia unha campaña preventiva de loita contra a Vespa Velutina consistente nun trampeo masivo de Primavera?

-Cal vai ser a implicación da Consellería de Medio Ambiente e da de Medio Rural?

-Ten previsto a Consellería de Medio Ambiente asinar algún convenio de investigación máis sobre a Vespa Velutina coas Universidades de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 10:02
Nº Rexistro: 20918
Data envío: 29/11/2017 10:02:14.673

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/11/2017 19:12:34

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2017 19:12:37

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2017 19:12:39

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2017 19:12:40

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2017 19:12:41

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2017 19:12:43

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na Comisión 6.^a, **relativa a ausencia do Instituto Enerxético de Galicia do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía da UE.**

Tras a adopción en 2008 do Paquete de medidas da UE sobre clima e enerxía ata 2020, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para apoiar os esforzos desenvolvidos polas autoridades locais na aplicación de políticas de transición enerxética cara a unha enerxía sustentable.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía agrupa a miles de autoridades locais e rexionais co compromiso voluntario de aplicar nos seus territorios os obxectivos climáticos e enerxéticos da UE.

Os novos asinantes prometen reducir as emisións de CO₂ en polo menos un 40 % de aquí a 2030 e adoptar un enfoque integral para abordar a atenuación do cambio climático e a adaptación a leste.

O Pacto dos Alcaldes é un movemento único desde a base que conseguiu mobilizar a un gran número de autoridades locais e rexionais para desenvolver plans de acción e orientar os investimentos cara á atenuación dos efectos do cambio climático.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a cal se convidaba ás cidades e vilas a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático. A finais de 2015,



ambas iniciativas fusionáronse no novo Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, mediante o cal se asumiron os obxectivos da UE para 2030.

A Comisión Europea e a Oficina do Pacto dos Alcaldes lanzaron no verán de 2015 un proceso de consultas auspiciado polo Comité das Rexións da Unión Europea a fin de solicitar as opinións dos interesados sobre o futuro do Pacto dos Alcaldes. A resposta foi unánime: o 97 % pediu un novo obxectivo que fóra máis aló de 2020 e o 80 % solicitou un obxectivo a máis longo prazo. Así mesmo, a maioría dos enquisados asumiu os obxectivos para 2030 de reducir en polo menos un 40 % as emisións de CO2 e gases de efecto invernadoiro, e apoiou a integración de estratexias de atenuación do cambio climático e adaptación a este dentro dun marco común.

Deuse respaldo aos tres alicerces deste pacto reforzado: a atenuación, a adaptación e a enerxía segura, sustentable e alcanzable.

Os asinantes apoian unha visión común para os obxectivos dos anos 2030 e 2050: acelerar a descarbonización dos seus territorios, fortalecer a súa capacidade de adaptación para os efectos inevitables do cambio climático e permitir aos seus cidadáns o acceso a fontes de enerxía seguras, sustentables e alcanzables.

A fin de traducir o seu compromiso político en medidas prácticas e proxectos, os asinantes do Pacto deberán preparar, en particular, un Inventario de Emisións de Referencia e unha Avaliación de Riscos e Vulnerabilidades derivados do Cambio Climático. Deste xeito, comprométense a presentar, no prazo de dous anos a partir da data en que a corporación municipal tome a decisión, un Plan de Acción para a Enerxía Sustentable e o Clima (PAESC) no que se resuman as accións crave que planean levar a cabo. A estratexia de adaptación deberá ser parte do PAES e/ou deberá desenvolverse e integrarse nun ou varios documentos



independentes de planificación. Este ineludible compromiso político marca o inicio dun longo proceso durante o cal as cidades deberán informar cada dous anos dos avances realizados.

Nos últimos anos adheríronse a este Pacto 1.814 concellos en toda España, dos cales 1.519 xa teñen redactados e presentados os seus Plans de Acción e 461 están xa en fase de monitorización despois da súa posta en marcha.

Todos estes plans municipais de transición enerxética foron posibles polo apoio decidido das respectivas Axencias ou Institutos de Enerxía dos seus gobernos autónomos correspondentes, dada as escasas posibilidades financeiras dos concellos para poder asumir este tipo de iniciativas.

As políticas de transición enerxética deben de ter accións macro como a descarbonización da produción de enerxía, pero tamén accións intermedias e mesmo microaccións múltiples. Aquí é onde a actuación nas contornas cidadás de todo tipo, xa sexan urbanas ou rurais en todos os impactos que producen, é imprescindible para reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro e mitigar o cambio climático

Unha vez revisada a web do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía da UE comprobamos que o Instituto Enerxético de Galicia non se atopa entre as entidades promotoras ou colaboradoras do citado Plan. Iso podería explicar o por que da escasísima presenza de concellos galegos que están a desenvolver plans de acción de transición enerxética.

Esta inacción ante un dos maiores problemas da humanidade e por extensión de Galicia, como vén demostrado polos terribles efectos sufridos nas últimas datas pola vaga de lumes e a terrible seca que estamos a sufrir, parécenos unha grave



irresponsabilidade do goberno.

Por todo o exposto, **En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- 1.- Cal é o motivo de que o Instituto Enerxético de Galicia non asinase o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía?
- 2.- Coñece o Instituto Enerxético de Galicia os concellos de Galicia que desenvolveron os seus Plans de Acción para a Enerxía Sustentable e o Clima?
- 3.- Colaborou con estes Concellos no desenvolvemento dos Plans?
- 4.- Pensa o Instituto Enerxético de Galicia reconsiderar a súa postura e asinar o Pacto?
- 5.- No seu caso ten previstas o Instituto Enerxético de Galicia dotacións orzamentarias para axudar aos Concellos de Galicia a asinar o Pacto e a desenvolver o compromiso de redacción e implementación dos seus Plans de Acción para a Enerxía Sustentable e o Clima?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 29/11/2017 10:11:11

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**, relativa ao centro de saúde de As Pontes.

Son moitas as ocasións nas que temos denunciado a situacións de deficiencias estruturais de centros de saúde espallados por toda Galicia. Deficiencias que lonxe de seren atendidas pola Xunta de Galicia, na maior parte dos casos acumulan un deterioro de anos que cada vez fai o problema maior.

A este problema de abandono de moitas dependencias da atención primaria súmase o recorte de persoal efectuado durante os últimos anos, que xa non se cingue ao relativo á amortización de prazas públicas, se non á ausencia de cobertura das ausencias dos e das profesionais por motivos vacacionais, de permisos ou de enfermidade.

O centro de saúde das Pontes non é alleo a estas circunstancias.

Durante o pasado verán, a inexistente cobertura de dúas ausencias do cadro médico causou inaceptables demoras de ata vinte días para as consultas ordinarias, situación que se mantivo durante un par de meses.

Por outra banda a problemática relativa á non correcta cobertura do permiso por maternidade da pediatra do centro, deixou desprotexidas e desprotexidos en canto ao dereito á saúde ás nenas e nenos da vila.



A todo isto sumamos unha reclamación que vén de longo: a necesidade de dotar dun aparello de raios X, e persoal para manexalo, que permita aliviar os desprazamentos a Ferrol tanto coma proba diagnóstica de consultas coma de urxencias médicas no PAC situado no centro.

Ademais, as dependencias, contan con deficiencias que deben ser reparadas canto antes para evitar o seu deterioro. Trátase fundamentalmente da cuberta de tellas do edificio e que agora mesmo supón un perigo para as persoas viandantes ao desprendérense as mesmas. Pero tamén un problema polo centro, foco de humidades ao traveso deste tellado.

Ante estas circunstancias, En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.- Por que a Xunta de Galicia non cubriu correctamente os permisos do persoal sanitario?
- 2.-Vai evitar que se poida dar de novo esta situación?
- 3.- Cando vai arranxar a Xunta as deficiencias no edificio do centro de saúde das Pontes?
- 4.-Pensa a Xunta dotar dun aparello de raios X e persoal para traballar co mesmo o centro de saúde/PAC de As Pontes?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/11/2017 11:07:11

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación do sector lácteo en Galicia está a facer moi difícil a sustentabilidade das explotacións. E iso, a pesar de que Galicia produce o 70 % do leite de toda España (Declaracións obrigatorias do sector vacún de leite de agosto de 2017), e que Galicia é un territorio onde, as súas condicións naturais, mostran maior disposición para esta produción. Se a esta situación de crise láctea engádese que se abate sobre un sector vertebrador e estabilizador dun territorio cun alto nivel de despoboamento poboacional onde o inverno demográfico está a poñer en risco a propia estabilidade territorial, apréciase máis aínda a necesidade de acometer medidas estruturais para o seu mantemento viable.

Co novo escenario de liberalización do mercado imposto pola desaparición en abril de 2015 das cotas lácteas, Galicia perdeu case un 9 % das súas explotacións gandeiras; no 2015 contaba con algo máis de 9.000 explotacións e, na actualidade, con 8.207 explotacións (Declaracións obrigatorias do sector vacún de leite de agosto de 2017).

No mes de setembro de 2015 e despois de fortes presións dos gandeiros asinouse o “Acordo para a sustentabilidade do sector lácteo” que segundo a ministra era absolutamente positivo e traería beneficios aos gandeiros españois.

O acordo pretendía establecer un prezo sustentable para cada elo da cadea de valor do sector lácteo, que cubriese, e superase, custos para gandeiros, industria e distribución pero non deseñou as ferramentas adecuadas para iso como xa está claramente probado, e ao tempo o Ministerio rexeitou incluír no acordo un réxime sancionador, polo que non hai garantía de cumprimento do acordo.

O resultado do acordo está a resultar insatisfactorio, tanto para o sector lácteo en xeral como en particular para os gandeiros de Galicia.



Grupo Parlamentario

Ademais, se temos en conta os beneficios enormes que tiveron as grandes empresas do sector lácteo en Galicia, vemos que os gandeiros non recibiron a parte proporcional lóxica deses beneficios. Os gandeiros séntense desprotexidos, xa que ven como as grandes empresas lácteas gañan millóns de euros en beneficios, e eles seguen sen ver a chegada real ao prezo do leite que producen e venden.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os grandes beneficios obtidos débense, en parte, á revalorización da manteiga. Este produto lácteo está en alza e, segundo un informe recente da Comisión Europea, para que os prezos de orixe da materia prima sigan a estela da manteiga, estes terían que ser entre 3 e 7 céntimos máis altos.

Neste contexto, no que a manteiga chegou incluso a duplicar o seu prezo en once meses, e todo apunta a que continuará esta liña debido á crecente demanda que ten a nivel mundial, os gandeiros estanse a preguntar porque ese beneficio non chega ás súas arcas, permitíndolles saír da espiral negativa na que se atopan dende hai anos.

O prezo da manteiga debería servir para que o importe da materia prima (do leite) tamén se vise favorecido, mellorando así as ganancias dos propios gandeiros. Non obstante, en Galicia, isto non é así.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a opinión Goberno galego de que as industrias lácteas incrementen as súas ganancias e as explotacións gandeiras teñan perdas?

2ª) Ten a Xunta de Galicia previsto tomar medidas para que as industrias lácteas aproveiten o aumento á alza da demanda e do prezo da manteiga, en caso afirmativo, cales?

3ª) Que opinión ten a Xunta de Galicia con respecto a que o sector gandeiro galego non se vise beneficiado desta situación positiva do valor da manteiga?



Grupo Parlamentario

4ª) Non considera a Xunta de Galicia, que este tipo de situacións, a parte de contribuír á mellora do PIB galego, xera situacións de desigualdade pola falta dunha inclusión real de todos os actores da cadea láctea na mellora económica e de beneficios do sector, ten pensado tomar algunha medida para tratar de conseguir un reparto xusto dos beneficios chegando ata os gandeiros e frear así, tamén, o peche masivo de explotacións?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/11/2017 12:35:53

José Antonio Quiroga Díaz na data 29/11/2017 12:36:05

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O alcalde do PP de Baiona segue empeñado en plantar unha área deportiva no monte comunal de Baredo en contra da opinión dos veciños e veciñas da parroquia de Baredo, os principais afectados polas obras.

A veciñanza leva tempo advertindo de como o complexo deportivo deterioraría a súa rede de subministro de auga. O subministro depende de vinte mananciais que se atopan na área. Se fora construída enriba unha instalación como a proxectada, os agroquímicos empregados para o seu mantemento filtraríanse as augas superficiais e a terra, contaminando o lugar e afectando moi negativamente á flora, á fauna e a gandería. Isto por non subliñar que os veciños e veciñas non terían xeito de abastecerse de auga salubre, xa que Baredo non está conectada a traída municipal.

Agora, os Técnicos da Xunta acaban de darlle a razón á veciñanza: o proxecto carece de garantías ambientais. Non aporta ningunha información sobre os contaminantes que, con absoluta certeza, serían empregados na instalación, de tal xeito que é imposible facer una análise do impacto que terían. Tampouco fala doutros efectos como o ruído ou o posible deterioro do chan.

Ademais, o campo de golf proxectado non garante o seu propio subministro sen recorrer aos acuíferos da contorna. Polo tanto, o proxecto minguaría os recursos



hídricos da cidadanía, algo inaceptable nun período de seca extrema como o actual.

No que respecta ao saneamento do complexo deportivo, realizaríase a través da rede xeral de Baiona, pero aínda non se sabe sequera se os caudais de produción se axustarían as dimensións e a capacidade do sistema de tratamento de augas fecais.

En resumo, o informe da Xunta ratifica a opinión dos veciños. A área deportiva e o campo de golf non só carecen de garantías ambientais, senón que ademais supoñen un risco manifesto para o espazo natural e a saúde das persoas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

En coherencia co informe emitido polos técnicos da Xuntada, o Goberno da por finalizado o procedemento iniciado polo Concello de Baiona para a construción da área deportiva en Baredo?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Marcos Cal Ogando na data 29/11/2017 14:32:24

Antón Sánchez García na data 29/11/2017 14:32:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

Durante anos, veciñanza, asociacións locais e organizacións políticas reivindicaron a construción primeiro e a apertura despois dun Centro de Saúde no barrio do Couto, en Ourense. Trátase dun barrio con moita poboación e necesidades evidentes de mellora na proximidade de atención sanitaria, para alén das necesidades de desconxestión doutros centros de saúde próximo. Malia todo isto, diferentes atrancos e a falta de vontade política da Xunta de Galiza e outros axentes dificultaron a súa apertura ao público mesmo aínda estando en risco de perder a parte de axudas europeas que contribuíran á súa edificación.

Parecía que a apertura tería lugar en setembro de 2016 pero tamén entón tivo un adiamento malia os anuncios públicos previos. Na altura, a Xerencia de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde de Ourense volvía dar marcha atrás ao non ter a licenza de ocupación nun novo episodio de demora.

Finalmente, na última semana de novembro de 2017 o Centro de Saúde abriu as súas portas. Porén, a falta de planificación e improvisación da Xunta repercutiu en saturación na administración e molestias para as persoas usuarias do Couto e de Nóvoa Santos porque mudaron automaticamente ás persoas adscritas a profesionais que agora



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:35
Nº Rexistro: 20953
Data envío: 29/11/2017 16:35:06.141

se desprazaban ao novo centro. A administración dedicouse a enviar cartas a usuarios e usuarias do Centro de Saúde de Nóvoa Santos (Xoán XXIII) indicándolles que como o seu médico ou médica se trasladaba ao Couto pasarían a ser atendidas alí ou ben debía ir mudar de profesional. A administración non fixo unha boa planificación da apertura e derivou en casos, por exemplo, de pais e nais de crianzas que vivindo no Casco Vello tiveron que ir facer cola ao Centro do Couto, afastado da que debera ser a súa zona, para seguir sendo atendidos en pediatria en Xoán XXIII porque a Xunta mudou ás persoas usuarias automaticamente ao desprazarse a persoa profesional de Pediatría ao novo centro. No lugar de consultar ás persoas afectadas e facilitar a elección ou explicar o cambio e trasladar a atención a outro ou outra Pediatra, a administración actuou con política de feitos consumados.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

-Cal é a avaliación do goberno galego do inicio de actividade do Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense?

-Que protocolos para a reorganización sanitaria e de usuarios e usuarias desenvolveu a Consellaría de Sanidade? Coñece os problemas arriba exemplificados?

-Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego diante das problemáticas da apertura do Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense?

-Cal é a concreción do cadro de persoal previo e posterior do C.S Nóvoa Santos?
E o número de tarxetas sanitarias adscritas?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:35
Nº Rexistro: 20953
Data envío: 29/11/2017 16:35:06.141

-Cal é a concreción do cadro de persoal do C.S O Couto? E o número de tarxetas sanitarias adscritas?

-Cal é o número de pediatras do C.S Nóvoa Santos previo á apertura do C.S O Couto? E posterior?

-Cal é o número de pediatras do C.S O Couto?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2017 16:32:37

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2017 16:32:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2017 16:35
Nº Rexistro: 20953

Data envío: 29/11/2017 16:35:06.141

Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2017 16:32:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2017 16:32:45

Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2017 16:32:46

Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2017 16:32:47

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A eficiencia das infraestruturas e a loxística é un factor relevante para a competitividade dos territorios e, polo tanto, para atracción das empresas cos mesmos e a capacidade de competir eficazmente das xa existentes.

A combinación dos nodos ferroviarios e marítimos produce un sistema de transporte de mercadorías máis sostible, e, en determinadas circunstancias, máis eficiente.

Galicia e, en xeral, o Noroeste da Península Ibérica, arrastra unha notable desvantaxe no acceso a este modo combinado de transporte, o que afecta á súa prosperidade económica actual e futura.

Para favorecer a conectividade co resto da península e, máis aló, co resto de Europa, cumpre redefinir o Corredor Atlántico de Mercadorías, dentro da rede europea TEN-T, de xeito conxunto con outras comunidades autónomas españolas.

En concreto, utilizar a revisión en 2018 da regulación do mecanismo CEF (Connecting European Facility; Mecanismo Conectar Europa) para definir os trazados da rede básica, incorporando a conexión entre os portos galegos e asturianos co actual trazado do corredor.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a renuncia do Goberno de España para proceder a modificación do Regulamento 1316/2013 e incluír a conexión ferroviaria dos principais portos galegos na rede básica do trazado do Corredor Atlántico?
2. Como vai defender o Goberno galego a integración da conexión ferroviaria para o transporte de mercancías entre os portos galegos de interese xeral e na rede europea TEN-T, redeseñando o trazado do Corredor Atlántico de mercadorías (rede básica)?
3. Pensa demandar ao Goberno de España a que defenda nas instancias europeas a redefinición da rede básica para incluír a conexión ferroviaria dos portos co Corredor Atlántico, vía Monforte, León e Palencia?
4. Considera oportuno establecer o ano 2018 como referencia para acadar este obxectivo?

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilán Lorenzo

María Luisa Pierres López

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/11/2017 16:47:32

Raúl Fernández Fernández na data 29/11/2017 16:47:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/11/2017 16:47:48

María Luisa Pierres López na data 29/11/2017 16:47:52

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

En datas recentes o alumnado do CEIP de Coirón-Dena do concello de Meaño dirixiu unha carta aos comerciantes e empresarios do dito concello coa finalidade de solicitar a súa axuda, xa que teñen a intención de recadar fondos para proceder ao arranxo do patio do colexio.

Segundo manifestan estes alumnos e alumnas, teñen actuado e previsto actuar en tres liñas:

1ª) Elaboraron un vídeo-clip titulado “Quero un patio novo” co que conseguiron o primeiro premio en metálico no Ouff Escola do Festival Internacional de Cine de Ourense na categoría infantil e primaria.

2ª) Dirixíronse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e

3ª) Están a facer numerosas actividades coa axuda dos seus pais e profesores, como venda de lotaría, mercadiños, elaboración de tarxetas de nadal, etc.

Esta situación ten provocado diversas reaccións toda vez que parece que non existe sensibilidade por parte dos responsables da consellería para dar resposta a esta demanda do alumnado que parece verse impelido a buscar financiamento pola súa conta.

Ante este situación, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:



Grupo Parlamentario

1ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da situación exposta?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Coñece a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as demandas existentes no centro de mellora do patio escolar?

3ª) Se coñece esa demanda, ten previsto algún tipo de actuación ao respecto?

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/11/2017 18:08:01

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/11/2017 18:08:08

Julio Torrado Quintela na data 29/11/2017 18:08:22

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación provocada nos últimos anos polo asentamento definitivo da avespa velutina en Galicia está a coller uns niveis alarmantes que afectan de xeito notable ás expectativas da fauna local, froitos e principalmente na poboación de abellas melíferas.

Desde a súa aterraxe no continente europeo en 2004 a progresión expansiva desta especie acabou por achegala ao norte peninsular no ano 2010 e pouco tempo despois, entre 2012\13, empezaron a detectarse na Galicia costeira. Dada a súa capacidade de adaptación e expansión esta especie comezou a tomar carta de natureza nos concellos costeiros desde os que se está espallando por todo o territorio da nosa comunidade.

As características desta especie foránea, substanciadas nun gran tamaño e agresividade, convértena nunha depredadora da “apis mellifera”, a produtora de mel e polinizadora, causando un gran número de baixas nas colmeas coa conseguinte alarma entre os apicultores galegos que se vén desbordados por esta continxencia, e poñendo en perigo non só unha relevante e crecente actividade socioeconómica senón tamén as posibilidades da adecuada polinización.

A pesar dos programas de localización e retirada de niños, estes téñense amosado como insuficientes dadas as características reprodutoras desta especie invasora. Independentemente destas accións puntuais parece evidente que as solucións para controlar e estabilizar as poboacións de velutina pasan pola investigación para dar con fórmulas de control que non teñan efectos colaterais na fauna e na flora.

As condicións climatolóxicas deste inverno-primavera de 2017 están a ser especialmente favorables para a expansión desta especie tan daniña para as abellas produtoras de mel. A ausencia de frío non reduciu a actividade de moitos niños de velutina nin reduciu o número de reinas procreadoras como viña

Grupo Parlamentario

sucedendo nos derradeiros anos polo cal os apicultores están temendo un repunte da actividade da velutina.

Por estas razóns é imprescindible redobrar e canalizar adecuadamente os esforzos para loitar con efectividade contra esta praga:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

a) O trampeo masivo deberá comezar no mes de febreiro, a máis tardar, cando as temperaturas aumenten e débese comezar polas zonas máis cálidas da comunidade autónoma e ir avanzando progresivamente cara ao resto de Galicia.

b) A potenciación da investigación é imprescindible, tanto para coñecer adecuadamente os comportamentos e características da velutina como para atopar as fórmulas adecuadas coas que combatela.

c) O combate dunha praga coas características da velutina require unificar esforzos e contar coa participación dos axentes implicados nesta loita, por esta razón entendemos que a presenza e integración do tecido asociativo apícola galego é de gran interese para atopar as mellores fórmulas de extinción e control da praga.

d) Coñecer as características da praga por parte da poboación implica unha labor de divulgación que debe ir desde os centros de ensino ata a poboación en xeral. Por outro lado, o coñecemento das características da velutina, comportamentos individuais e colectivos, particularidades de niños e todo aquilo que supón un coñecemento certo desta praga é fundamental para as persoas que teñen a misión de extinguilas de aí que a formación específica do persoal que ten que eliminala é tan fundamental como necesaria.

e) Outra das liñas de actuación fundamentais é a loita preventiva a levar adiante antes do verán para evitar un incremento do número de niños primarios para axudar no control de individuos.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:



Grupo Parlamentario

1ª) Ten a Xunta de Galicia compradas as trampas e o atraente suficiente para comezar a facer o trampeo masivo no mes de febreiro?

2ª) Vai o Goberno galego pór en marcha unha campaña informativa e divulgativa, de cando e como colocar as trampas, en caso afirmativo, a través de que medios?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Que persoa ou persoas van ser as responsables da colocación das trampas para realizar o trampeo masivo?

4ª) Vai a Xunta de Galicia dotar dunha partida orzamentaria suficiente para profundar na investigación co fin de atopar e/ou mellorar os sistemas de erradicación desta especie, se for o caso, con que orzamento?

5ª) Vai a Xunta de Galicia sacar axudas directas para facerlle fronte aos danos causados pola avespa asiática na cabana apícola, en caso afirmativo, cal vai ser o orzamento e en que prazo?

6ª) Quen forma parte da Comisión de seguimento da velutina, e por que non se inclúe a todos os representantes do sector apícola?

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/11/2017 17:48:47

José Antonio Quiroga Díaz na data 29/11/2017 17:48:56

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Silvestre José Balseiros Guinarte, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Nuñez Centeno, Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión Permanente Non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

No vindeiro mes de maio, na cidade holandesa de Leeuwarden, celebrarase a 36 edición da Conferencia Anual de CIRCOM, a Asociación de Televisións Rexionais Europeas, baixo o lema 'Estamos conectados?'

No encontro, ademais de intercambiar experiencias e coñecementos sobre o sector, abordaranse temas de interese para os medios públicos rexionais tales como a súa relación coas redes sociais ou os novos formatos audiovisuais multimedia, por poñer só un par de exemplos.

Tamén se fará entrega dos premios aos programa televisivos producidos e emitidos por canais rexionais públicos que se consideren os mellores por parte do xurado habilitado para elo.

A CRTVG é membro desta asociación e, en consecuencia, participa tamén na organización deste evento.

En relación con este asunto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

-Cal é o papel que está a desempeñar a CRTVG na organización da 36 Conferencia Anual de CIRCOM?

Santiago de Compostela, 30 de Novembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 30/11/2017 13:53:02

María Antón Vilasánchez na data 30/11/2017 13:54:35

Silvestre Balseiros Guinarte na data 30/11/2017 13:54:44

Jaime Castiñeira Broz na data 30/11/2017 13:54:55

María Guadalupe Murillo Solís na data 30/11/2017 13:55:05

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/11/2017 13:55:19

Moisés Rodríguez Pérez na data 30/11/2017 13:56:02

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa ao traslado da locomotora “Sarita” ao seu emprazamento orixinal.

Trátase dunha locomotora histórica, fabricada en 1880 en Leeds pola Hunslet Engine Company, por encargo da compañía ferroviaria portuguesa “Beira Alta”. Para, en 1886, ser regalada a John Trulok para que a usara como vehículo de recoñecemento das obras que se estaban a realizar. Será nese momento cando a rebautice co nome de Sar e a sitúe na estación de Carril en Vilagarcía. Porén, á morte de Trulock en 1919 a locomotora acabárase reintegrando na rede de ferrocarrís española.

A última viaxe da “Sar”, empregando os seus propios medios, foi realizado de Vigo a Vilagarcía para ser exposta na Edición de 1968 na Feira Exposición de Galicia.

Logo, esta importante peza do ferrocarril de Galicia, foi depositada na estación de Madrid Delicias en 1979 para formar parte da colección do Museo Nacional do Ferrocarril. Alí permanecería ata 1990, ano no que foi cedida á Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia, onde se atopa actualmente, nun importante estado de abandono.

Tendo en conta a vinculación clara entre a locomotora e Vilagarcía, concello que dispuxo da primeira estación de ferrocarril de Galicia, e que nel se empraza o Museo do Ferrocarril, máxime unha vez que a mencionada Fundación pasou a mans públicas non debería haber motivo algún para que a locomotora continuara en Padrón.



Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Considera adecuado o Goberno galego o estado de abandono no que se atopa a devandita locomotora?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 30/11/2017 16:52:11

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/11/2017 16:52:17

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

No mes de decembro, a Ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina, vaise reunir cos ministros de pesca da Unión Europea para negociar. A cita constitúe unha ocasión excepcional para dar a coñecer cales son os problemas que atinxen a flota galega e tentar buscarlles solucións consensuadas.

Antes diso, o venres un de decembro, a ministra comunicará á cidadanía cales son as medidas que España vai adoptar xunto co Goberno portugués para garantir a pesca sostible da sardiña.

A situación é dunha delicadeza extrema. Son moitos os postos de traballo e as familias que dependen das negociacións da ministra. Por iso, preocúpanos que acuda a Europa predisposta a acatar docilmente as indicacións da Comisión.

O momento de pelexar unha cota pesqueira xusta, sostible e acorde ás necesidades dos galegos e galegas é agora.

Por todo o exposto, os deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a



- Que posicións lle trasladou a Xunta de Galicia á ministra Tejerina para que defenda os intereses da pesca galega perante os demais ministros europeos e ante a Comisión?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/11/2017 17:15:55

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/11/2017 17:16:03

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Davide Rodríguez Estévez, Francisco Casal Vidal, Paula Quinteiro Araújo, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Eva Solla Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5.^a, en relación á derogación da Lei 1/2012 e a recuperación dos dereitos do persoal laboral da Xunta.

A grave crise económica global iniciada en 2007 serviu de escusa aos grandes poderes financeiros internacionais para erosionar, aínda máis, o papel dos Estados.

No marco das contrarreformas neoliberais aplicadas no Estado español especialmente dende 2011, cando se reforma o artigo 135 da Constitución española, dispoñendo que “todas as administracións públicas adecuarán as súas accións ao principio de estabilidade orzamentaria”, encorsetando os límites do déficit e da débeda pública, aprobouse no Parlamento de Galicia, cos únicos votos do PP e co rexeitamento unánime das forzas políticas da oposición e dos sindicatos, a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 1/2012 remarca, na súa exposición de motivos, que se trata dunha “serie de medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal” e que a vixencia da lei



queda “supeditada á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan á sustentabilidade das contas públicas”.

Dita Lei 1/2012 suspende unilateralmente preceptos contidos no Vº Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia; entre eles, suspéndese “a aplicación do artigo 19, excepto o apartado 1, do Vº Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia”, en canto a descansos e libranzas.

Á marxe da opinión de En Marea a respecto do efecto nocivo destas leis para a recuperación económica e, sobre todo, para as condicións materiais da maioría social, e á marxe da gravísima situación social que padece o noso País, a nivel macroeconómico, no ano 2017 o PIB galego recupera as cifras do ano 2008, téndose iniciado en 2014 unha fase alcista do ciclo económico. Sen embargo, a porcentaxe que representan os Orzamentos da Xunta no conxunto do PIB reduciuse dende o 18,4% en 2009 ata o 14,8% en 2018.

O Proxecto de Lei de Orzamentos da Xunta para 2018, en tramitación, indica a continuación da expansión da economía galega, pese á moderación do crecemento do PIB en 2018 con respecto a 2017, mais, a pesares desta constatación, os Orzamentos non medran o que medra o PIB e continúan sen recuperarse os dereitos laborais perdidos polo persoal público durante a crise. A pesares de que a propia Lei/2012 dispuña que “as medidas contempladas” ... “serán revisadas nun prazo de dous anos dende a entrada en vigor da mesma, en función da evolución do PIB real de Galicia e do aforro primario dos Orzamentos”, pasados case seis anos, a norma continúa vixente.

As consecuencias da suspensión de dereitos laborais do persoal da Xunta – especialmente do artigo 19 do Vº Convenio - repercuten directamente sobre a saúde laboral do mesmo e sobre a calidade dos servizos públicos, en contra do



criterio da propia Lei 1/2012, que se refire a que a adopción das medidas contempladas na mesma non pode “menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais”.

O recorte do dereito a descanso do persoal laboral lesiona as posibilidades de conciliación, orixina stress e aumenta a accidentabilidade laboral. No caso da Consellería de Política Social, na que as carteleiras de traballo nos distintos centros están moi axustadas, case a metade dos accidentes laborais na Xunta nos últimos anos se deben ao “sobreesforzo” (en 2017, o 41% dos accidentes con baixa laboral na Xunta se deberon a esta causa), tendo unha relación clara coa falta de persoal adecuado ás tarefas que se desempeñan nos distintos centros e coa falta de descanso, sobre todo en traballos que se realizan en quendas (consellerías de Política Social, Medio Rural e Medio Ambiente). As situacións máis graves prodúcense nos centros de maiores, tanto pola integración nos mesmos de persoas con trastornos psiquiátricos como pola tardanza na valoración do grao de dependencia en moitas persoas residentes. Deste xeito, as rateos non son reais, non se cobren as baixas e o persoal – maioritariamente feminino e cada vez máis envellecido – traballa baixo mínimos.

Téndose recuperado o PIB non é tolerable o mantemento de recortes de dereitos ao persoal público e, en ningún caso, é admisible a precariedade na prestación de servizos públicos esenciais por parte da Xunta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:



- 1.^a) Cando vai derrogar o Goberno Galego a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia?

- 2.^a) Vai a Xunta acordar coas organizacións sindicais representantes do persoal público a recuperación íntegra das contías deixadas de percibir durante a crise?

- 3.^a) Aproveitou a Xunta a crise para precarizar máis os servizos públicos, na vontade de privatizar os mesmos e reducir, cada vez máis, o papel dos organismos do Estado no conxunto da economía?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 30/11/2017 17:43:11

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/11/2017 17:43:18

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/11/2017 17:44:25

Carmen Santos Queiruga na data 30/11/2017 17:44:29



Antón Sánchez García na data 30/11/2017 17:44:32

Eva Solla Fernández na data 30/11/2017 17:44:35

Luca Chao Pérez na data 30/11/2017 17:44:38

Paula Quinteiro Araújo na data 30/11/2017 17:44:41

Luis Villares Naveira na data 30/11/2017 17:44:45

Magdalena Barahona Martín na data 30/11/2017 17:44:48

José Manuel Lago Peñas na data 30/11/2017 17:44:52

Francisco Casal Vidal na data 30/11/2017 17:44:55

David Rodríguez Estévez na data 30/11/2017 17:44:59

Marcos Cal Ogando na data 30/11/2017 17:45:03



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a venda de predios con patrimonio arqueolóxico e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para que lle sexa cedida a titularidade de parcelas con bens patrimoniais procedentes de concentración parcelaria.

Despois de que o Goberno español comunicase a paralización da poxa do predio no que se atopa o xacemento arqueolóxico de Pena Grande, no Concello de Vilalba, como resultado da mobilización política e social, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que a administración pública, principalmente a Xunta de Galiza, mais non só, debe asumir a súa competencia exclusiva sobre o patrimonio galego (artigo 2 da Lei 5/2016) garantindo a protección e conservación do mesmo e introducir os mecanismos que sexan precisos para evitar que algo semellante volva acontecer.

Así as cousas, cómpre sinalar que noutro lote da mesma poxa prevista polo Ministerio de Hacienda para o 15 de decembro de 2017 en Lugo, inclúese un outro predio situado "dentro do ámbito de respecto establecido no PXOM de Castroverde para o Castro de Saceda". Trátase do Lote número 7 correspondente ao Expediente 2017 027 00066, localizado no Concello de Castroverde.

Ademais, debemos subliñar que o xacemento arqueolóxico de Pena Grande (Vilalba) saíu a poxa en tres ocasións antes de se suspender a súa venda.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21019
Data envío: 30/11/2017 18:15:46.457

Por este motivo, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Por que razón o Ministerio de Hacienda español puxo á venda predios que conteñen bens patrimoniais sen que a Xunta de Galiza fixese nada?

-Notificou o Ministerio de Hacienda ao Goberno galego a decisión de levar a poxa o xacemento de Pena Grande en Vilalba e o predio situado dentro do ámbito de respecto establecido no PXOM de Castroverde para o Castro de Saceda?

- De ser así, de ter constancia a Xunta de Galiza de que ía ter lugar a venda, por que non reclamou a titularidade destes predios?

-Cre que o feito de vender a particulares xacementos e/ou restos arqueolóxicos non supón un risco para a conservación dos mesmos?

-Prevé a Xunta de Galiza adoptar algunha medida para evitar que situacións coma esta poidan volver a repetirse?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 18:15
Nº Rexistro: 21019
Data envío: 30/11/2017 18:15:46.457

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2017 18:12:48

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2017 18:12:56

Ana Pontón Mondelo na data 30/11/2017 18:12:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/11/2017 18:12:59

Noa Presas Bergantiños na data 30/11/2017 18:13:01

Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2017 18:13:02

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Asociación Camiño dos Faros vén de manifestar publicamente o seu malestar pola denominación “Ruta dos Faros” utilizada polos GALP (Grupos Acción Local Sector Pesqueiro).

Camiño dos Faros, ten como obxectivo a promoción da Costa da Morte, existe dende hai 5 anos. Iniciou a súa actividade, e tras darse a coñecer a través das redes sociais, comezaron un movemento social que chega ata hoxe en día promocionando unha ruta das máis espectaculares que existen en Europa, sen apenas recursos, co traballo voluntario de centos de persoas, poñéndoa no circuíto de rutas de sendeirismo e atraendo a xentes de todo o mundo. Un traballo altruísta dunha sociedade que quere á súa terra e llela quere ensinar a todo o mundo.

Na actualidade o Camiño dos Faros (tamén coñecido como Ruta dos Faros) está presente e é coñecida no ambiente dos camiñantes europeos, co cal é difícil comprender, como os GALP crean unha “Ruta dos Faros de Galicia”, que percorrerá en coche todos os faros de Ribadeo ata Tui, e que foi presentada con toda pomposidade en Santiago.

Trátase dunha marca que causa confusión co proxecto xa existente de Camiño dos Faros. Así, de feito, se facemos unha procura en Google do termo “Ruta dos Faros” xa indica claramente quen é coñecido en toda Europa con ese nome.

A propia Deputación da Coruña e a Asociación do Camiño dos Faros asinaron un convenio polo que a institución provincial financiará a homologación da ruta, que se converterá en senda de gran percorrido.

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que opina o Goberno galego respecto da denominación elixida polos GALP en relación co proxecto presentado como “Ruta dos Faros”?



Grupo Parlamentario

2ª) É coñecedor o Goberno galego da iniciativa existente e coñecida como “Camiño dos Faros”?

3ª) Vai cambiar o Goberno galego a denominación de “Ruta dos Faros de Galicia” para evitar a confusión respecto ao Camiño dos Faros, xa existente dende 2013, se for o caso, cando?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 30/11/2017 17:25:58

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/11/2017 18:23:12

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/11/2017 18:23:21

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727